

Estudio sociolingüístico sobre
a situación da lingua galega no
Concello de Vigo 2002



UNIVERSIDADE DE VIGO

AUTORES:

Prof. ANTONIO VAAMONDE LISTE (coordenador)
Departamento de Estatística e Investigación Operativa

Prof. ANXO LORENZO SUÁREZ
Departamento de Filoloxía Galega e Latina

Prof. RICARDO LUACES PAZOS
Departamento de Estatística e Investigación Operativa

Prof. PATRICIO SÁNCHEZ BELLO
Departamento de Estatística e Investigación Operativa

Prof. LUZ VARELA CARUNCHO
Departamento de Socioloxía

COLABORA:

D^a MARTA SOUTO
Responsable do Servizo de Normalización Lingüística
do Concello de Vigo

Traballo realizado mediante convenio entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo

LIMIAR.

O informe que pomos ao seu dispor é o resultado dun amplo traballo realizado pola Universidade de Vigo para o SNL do Concello, co obxecto de coñecer mellor a situación da nosa lingua e medir os cambios habidos desde o 1998, ano no que se realizou outro informe semellante.

Nestes catro anos e partindo da diagnose expresada nos datos do 98, o Servicio de Normalización Lingüística desenvolveu programas adicados fundamentalmente ao sector da poboación onde máis descende o uso da lingua: a mocidade. Se hai unha tendencia que se consolida perigosamente é a da substitución lingüística do galego polo castelán no conxunto da poboación e, máis intensamente, no caso das xeracións máis novas. Con todo, e xunto a esta realidade que constatamos, temos a mocidade máis preparada, con máis competencia na lectura e na escrita.

A diminución no grao de dificultade na lecto-escritura é imparabile, case tanto como o recuamento no uso do galego na fala. Estamos nunha situación moi grave, de alerta vermella, para a lingua galega.

Desde outro punto de vista o informe consolida unha demanda crecente en canto ao uso público do galego. Medra o número de vigueses e viguesas que queren que o galego estea máis presente nos medios de comunicación, que o usen máis os e as representantes públicos, as administracións local e autonómica..., que se fagan máis actividades para o fomento do seu uso...e son precisamente as persoas máis novas as que máis demandan.

Todo isto acontece vinte anos despois de ser aprobada a Lei de normalización lingüística, un bo momento para a reflexión sobre as consecuencias sociais das políticas postas –ou non postas- en marcha desde aquela.

Desde o noso punto de vista é o momento de sinalar a necesidade dun cambio de rumbo que efectivamente comprometa as administracións públicas –a Xunta, pero tamén as administracións locais- na posta en marcha de políticas decididas a prol do uso da lingua galega.

Estamos a falar da necesidade dun auténtico pacto pola lingua das forzas políticas e sociais que mobilice todas as enerxías necesarias, todos os recursos públicos e sociais polo tanto; que xere dinámica integradas e sostibeis, que sexa quen de implicar a axentes sociais, ao conxunto da sociedade e que free a substitución lingüística do galego polo castelán. Precísase deseñar e levar adiante as estratexias que invirtan a tendencia de perda continua de falantes que ameaza en situar o galego no ámbito da ritualización cultural ou política.

Queremos desde estas páxinas expresar o noso apoio a todas aquelas entidades que, recoñecendo esta realidade, pulan pola elaboración dun auténtico plan de normalización lingüística do noso país, participativo, aberto, dinámico e integrador que sirva de obrigado marco para encetar o cambio que o uso da lingua galega precisa.

O Concello de Vigo comprométese a facer os esforzos necesarios nesa dirección elaborando un plan local como xa veñen realizando outros concellos, caso de Compostela ou Ferrol.

Esperamos que esta publicación -e os datos que achega- sexa un instrumento util para este obxectivo.

Índice

Limiar	7
Introducción	11
1. Aspectos metodolóxicos e características xerais da poboación	
1.1 Aspectos metodolóxicos do estudio	13
1.2 Características xerais da poboación.....	14
2. Lingua inicial e competencia na lingua galega	
2.1 Lingua inicial	17
2.2 Competencia na lingua galega	20
3. Lingua habitual e usos lingüísticos	
3.1 Lingua habitual	31
3.2 Frecuencia de uso da lingua galega	38
3.3 Usos lingüísticos específicos	45
4. Actitudes e opinións lingüísticas	
4.1 Consideracións sobre coñecemento e uso da lingua galega	49
4.2 Opinións sobre o status da lingua galega	54
4.3 A lingua dos persoeiros e das actividades públicas	61
4.4 A presenza da lingua galega nos medios de comunicación	63
4.5 O papel do Concello de Vigo na promoción da lingua galega	65
4.6 Outras valoracións	66
4.7 O Servizo de Normalización Lingüística	68
5. Conclusións	69
6. Comparación dos resultados 1998-2002	74
ANEXO I. Perfís sociolingüísticos das diferentes zonas	81
ANEXO II. Cuestionario	82

INTRODUCCIÓN

Este estudio sociolingüístico, que foi levado a cabo pola Universidade de Vigo mediante un equipo multidisciplinar de investigadores dos departamentos de Estatística, Filoloxía Galega e Socioloxía, responde ao interese do Concello de Vigo por coñecer a situación actual de usos da lingua galega polos seus habitantes, así como por coñecer diferentes cuestións sociolingüísticas relacionadas cos hábitos lingüísticos, coas destrezas na lingua galega, e coas copiniós relativas á posición do galega na sociedade galega e viguesa.

No ano 1998 realizouse un estudio semellante, que permitiu coñecer o nivel de uso e de coñecemento da lingua no concello. Trátase, polo tanto, con este traballo de analizar a evolución das principais variables lingüísticas, e investigar algún aspecto novo. Con esa finalidade elaboramos e distribuimos unha enquisa sociolingüística que constituíu a base do traballo, tal como comentaremos nas seguintes seccións.

O cuestionario da enquisa está composto por 37 preguntas, con inclusión de características xerais do persoal entrevistado –sexo, idade, lugar de nacemento, etc.– e preguntas propias do obxecto de estudo sociolingüístico deste traballo. Dividiremos o contido deste traballo en catro partes temáticas: en primeiro lugar, os resultados da lingua inicial e da competencia na lingua galega; en segundo lugar, os resultados de lingua habitual das e dos vigueses e de frecuencia de uso da lingua galega; en terceiro lugar, os resultados das preguntas referentes a usos lingüísticos específicos; e, en cuarto lugar, as actitudes e opinións lingüísticas. Finalmente, remataremos este informe cun capítulo de conclusións que recolle os elementos máis salientables do estudio.

Este informe final ten dúas funcións principais. En primeiro lugar, mostrar a situación sociolingüística do concello vigués no ano 2002, e en segundo lugar, mostrar algúns datos relevantes da evolución sociolingüística no período que media entre o primeiro estudio, realizado en 1998 e o presente traballo. En xeral, os resultados son semellantes aos obtidos anteriormente. Cando se observa algunha diferenza importante faise notar no informe.

CAPÍTULO 1.

ASPECTOS METODOLÓXICOS E CARACTERÍSTICAS XERAIS DA POBOACIÓN

1.1 Aspectos metodolóxicos do estudio

Na realización do presente traballo utilízanse as técnicas de mostraxe probabilística para a estimación das porcentaxes correspondentes a cada unha das variables cualitativas establecidas no cuestionario. O tamaño total da mostra foi de 1403, o que representa un erro na estimación da proporción sempre inferior a 0,026 para un nivel de confianza de 0,95, e para proporcións próximas a 0,5 (o caso de maior variabilidade, é dicir, o máis desfavorable na estimación), e un erro menor do 1% para a maior parte das estimacións (non desagregadas) efectuadas.

Para a selección da mostra utilizáronse criterios de azar para elixir o enderezo mediante rotas aleatorias, utilizándose cotas por zona, sexo e idade. Unha parte da mostra foi realizada na rúa, mantendo as mesmas cotas, coa finalidade de comprobar a inexistencia de sesgos de selección. As mostras foron ampliadas nas zonas de menor tamaño, para garantir a existencia dunha mostra mínima en cada zona que permitise a obtención de resultados parciais. Por esta razón, nos cálculos posteriores empregouse o sistema de ponderación axeitado na determinación de frecuencias e estatísticos, garantindo que todos os estimadores son insesgados.

Utilizáronse equipos de axentes entrevistadores especializados en cada zona, organizándose os traballos a partir da información obtida no censo de poboación. As datas de recollida de datos establecéronse de xeito que non se dilatase excesivamente esta tarefa no tempo realizándose os traballos de campo entre o 20 de abril e o 10 de maio de 2002. Os horarios foron seleccionados tratando de utilizar no posible a banda na que máis persoas permanecen no seu domicilio.

A participación na enquisa foi en xeral moi satisfactoria, e poi a tónica xeral a colaboración sen reservas. Os casos de negativa a contestar o cuestionario pódense considerar anecdóticos. Son tamén pouco frecuentes os casos de omisión ou resposta en branco a algunha pregunta; nestes casos fixéronse novos intentos, reducindo así a proporción de respostas en branco e posibilitando unha análise dos datos omitidos que parece indicar que non existe correlación entre a falta de resposta e as variables estudadas, e polo tanto non hai sesgo de omisión, sendo o conxunto de respostas válidas moi representativo da poboación total.

Os datos foron procesados mediante ordenador, utilizándose para a elaboración de táboas, gráficos e medidas estatísticas o programa SPSS. A introducción de datos en soporte informático levouse a cabo mediante programa de xestión de bases de datos con programación de rango de entrada, para detectar posibles erros na recollida, transcripción, codificación ou introducción dos datos. Unha vez introducidos, fíxose un control de calidade das operacións rutineiras, contrastando así a fiabilidade do proceso.

Para todas as variables do cuestionario elaboráronse táboas de frecuencias relativas, e para os pares de variables que se consideraron de maior interese táboas de frecuencias condicionadas, co obxecto de analizar a relación de dependencia estatística entre elas. Nestes casos calcu-

louse o valor do estatístico χ^2 cadrado e mais o seu nivel de significación correspondente á usual proba non paramétrica de independencia de variables. Así pódese determinar estatisticamente a existencia de relación entre dúas variables.

O territorio do concello foi dividido, para os efectos da distribución espacial da mostra, en oito zonas con características diferenciais a priori no que respecta ao uso da lingua galega. A zona CENTRO inclúe a maior parte da zona urbana. O BERBÉS/BARRIO HISTÓRICO comprende a parte máis antiga da cidade. Os barrios periféricos como O CALVARIO, TEIS, BOUZAS, tamén forman zonas diferenciadas, así como a parte do concello próxima ás praias, SAIÁNS, CORUXO. O contorno máis rural do concello agrúpase na zona RESTO CONCE- LLO, con inclusión dos barrios de Freixeiro, Sárdoma, parroquia de Castrelos, Beade, Bembrive, Valadares, Matamá, San Xoán do Poulo, Sampaio, Cabral, Candeán, e parte de Teis (Madroa, Paradela). A distribución da enquisa por zonas indícase na táboa seguinte.

ZONA

	Frecuencia	Porcentaxe
Centro	406	28,9
O Berbés/Barrio Histórico	98	7,0
O Calvario/Lavadores	169	12,0
As Travesas/Coia	141	10,0
Teis	99	7,1
Bouzas/Alcabre	100	7,1
Saiáns, Coruxo	87	6,2
Resto (Valadares, Zamáns,..)	303	21,6
Total	1403	100,0

1.2 Características xerais da poboación

As características de sexo e idade reflicten de xeito aproximado a distribución existente na poboación total, xa que foron utilizadas cotas para ambas as dúas variables, empregando os datos do último censo.

SEXO

	Porcentaxe
Home	46,6
Muller	53,4
Total	100,0

IDADE

	Porcentaxe
5-20	10,6
20-30	21,0
30-40	19,9
40-50	17,3
50-65	17,4
>65	13,9
Total	100,0

PROFESION

	Porcentaxe
traballador/a non cualificado/a	5,9
traballador/a especializado/a	13,7
agricultor/mariñeiro	1,8
administrativo/a ou funcionario/a	10,0
profesional liberal/téc. titul.	8,7
comerciante ou empresario/a	8,0
estudiante	18,0
ama de casa	14,6
xubilado/a ou en paro	16,3
outra	2,9
Total	99,8
Ns/nc	0,2
	100,0

LUGAR DE NACIMIENTO

	Porcentaxe
Vigo	66,8
Outro municipio de Galicia	24,6
Fóra de Galicia	8,1
Total	99,6
Ns/nc	0,4
Total	100,0

A maioría naceron no concello. Para os que non son de Vigo, unha variable que condiciona as actitudes lingüísticas no ámbito local que se está a estudar, e que debe ser considerada, é o tempo que levan residindo na cidade:

ANOS QUE LEVA EN VIGO (O QUE NON É DE VIGO)

	Porcentaxe
0 - 5	9,1
6 - 10	9,6
11 - 20	29,4
21 - 30	24,8
31 - 40	15,8
> 40	11,3
Total	100,0

ESTUDIOS

	Porcentaxe
Sen estudos	4,9
Elementais	30,0
Medios	40,9
Superiores	23,8
Total	99,6
Ns/nc	0,4
Total	100,0

CAPÍTULO 2.

LINGUA INICIAL E COMPETENCIA NA LINGUA GALEGA

Nesta sección centrámonos na descrición da lingua inicial e do grao de competencia lingüística que os vigueses/as teñen á hora de se desenvolveren coa lingua galega. Con respecto á lingua inicial, convén lembrar que a lingua inicial constitúe a primeira variedade aprendida polo individuo, froito da transmisión lingüística que se realiza principalmente na casa e por parte da familia inmediata. A transmisión da primeira variedade lingüística enmárcase no proceso de socialización primaria, mediante o cal os individuos interiorizan o conxunto de regras, normas e pautas de comportamento social e lingüístico prevalecentes nos grupos sociais e nas comunidades onde se realiza tal proceso socializador.

Con respecto á competencia lingüística, trátase de coñecer cál é o grao de destreza á hora de utilizaren o galego no que se consideran as catro destrezas básicas de calquera lingua: entendela, falala, escribirla e lela.

Para coñecermos cál é a situación destes dous aspectos entre a cidadanía viguesa optamos, como é de feito habitual neste tipo de estudos macrosociolingüísticos, por preguntarlles directamente oas enquisados/as, de maneira que se acadou unha opinión subxectiva procedente da propia avaliación do suxeito enquisado. Este procedemento, que como dicimos é un xeito estándar de proceder, non permite a observación directa por parte do investigador –no caso da lingua inicial–, nin proporciona unha medición directa e contrastable –no caso da competencia na lingua galega.

2.1. A SITUACIÓN DA LINGUA INICIAL

En primeiro lugar, analizamos a presenza do galego e do castelán na transmisión primaria mediante unha pregunta específica relativa á primeira lingua aprendida. Tal como é habitual para analizar este tipo de cuestións, optamos por darlles aos entrevistados/as tres opcións: que a primeira lingua fose o galego, que fose o castelán, ou que fosen as dúas. Deste xeito podemos diferenciar tanto as os cidadáns que foron aprendidos nunha ou noutra lingua, ao tempo que tamén podemos illar os que recibiron as dúas –que constitúen o continxente de bilingües iniciais.


Con respecto logo á lingua inicial no conxunto do concello vigués, o 47% dos vigueses aprendeu a falar en castelán, en tanto que o 31% manifesta que aprendeu a falar nas dúas linguas, e o 22% sinala que aprendeu a falar en galego.

¿EN QUE LINGUA APRENDEU VOSTEDE A FALAR?

	Porcentaxe
Galego	21,8
castelán	46,5
ámbas as dúas	30,7
Ns/nc	,9
	100,0

En consecuencia, case o 50% ten o castelán como variedade inicial, mentres que o 50% restante é monolingüe inicial en galego (21,8%) ou bilingüe inicial (30,7%).

¿EN QUE LINGUA APRENDEU VOSTEDE A FALAR?



As áreas de Vigo que presentan unha maior proporción de galego-falantes iniciais son as das Travesas/Coia, Saiáns e Coruxo, e Resto do concello. Pola contra, aquelas que teñen unha maior proporción de castelán-falantes iniciais son as do Centro, O Berbés/Barrio Histórico e Bouzas/Alcabre.

LINGUA EN QUE APRENDEU A FALAR SEGUNDO ZONA

	galego	castelán	ambas	NS/NC
Centro	12,2%	59,7%	27,9%	0,2%
O Berbés/Barrio Histórico	14,3%	57,1%	28,6%	--
O Calvario/Lavadores	20,7%	46,3%	30,5%	2,4%
As Travesas/Coia	28,9%	44,6%	26,5%	--
Teis	20,7%	34,8%	44,6%	--
Bouzas/Alcabre	21,3%	52,8%	24,7%	1,1%
Saiáns, Coruxo	25,4%	50,7%	21,1%	2,8%
Resto (Valadares, Zamáns,..)	32,4%	28,9%	36,9%	1,8%
Media	21,9%	46,4%	30,7%	1,0%

Se pasamos agora a observar o resultado de cruzar a lingua inicial coa variable da idade das e dos cidadáns, constatamos o cambio tan fondo que se veu dando entre a cidadanía viguesa tal e como se desprende dos diferentes grupos de idade. Desde o predominio da recepción do galego como lingua inicial entre os individuos de máis de 65 anos, ata a transmisión maioritaria do castelán no grupo de entre 15-20 anos, constatamos que entre os dous extremos foi producindo un paseniño cambio de tendencia na transmisión lingüística familiar que tivo como resultado a

preferencia polo castelán como variedade inicial, a progresiva caída na transmisión do galego, e a consolidación do bilingüismo inicial entre algo máis dun tercio da poboación viguesa máis nova (35,8% no grupo de entre 15-20 anos).

LINGUA EN QUE APRENDEU A FALAR SEGUNDO A IDADE

	galego	castelán	ambas	NS/NC
15-20	4,7%	58,1%	35,8%	1,4%
20-30	9,9%	51,7%	37,1%	1,4%
30-40	11,5%	54,8%	32,6%	1,1%
40-50	21,9%	45,9%	31,8%	,4%
50-65	37,0%	38,3%	23,9%	,8%
>65	47,7%	29,7%	22,1%	,5%
Media	21,8%	46,6%	30,7%	,9%

Ademais, da información que nos fornece este cadro salientamos o feito de que a desgaleguización das prácticas transmisoras está acadando un nivel altísimo, como se pon de manifesto no grupo de idade máis novo (entre 15 e 20 anos), xa que case o 60% dos membros deste grupo de idade tiveron o castelán como lingua inicial, e só nun anecdótico 4,7% recibiron o galego como primeira variedade lingüística.

Por outra banda, se observamos a transición entre o grupo de idade de 30-40 cara ao grupo de 20-30, podíase prognosticar unha máis que posible desaceleración da desgaleguización, xa que nesa transición diminúe a transmisión do castelán (do 54,8 ó 51,7%), diminuía escasamente a transmisión do galego (do 11,5 ó 9,9%) e aumentaba a transmisión das dúas linguas (32,6 a 37,1%). Pero esa desaceleración percibida nos cidadáns de entre 20 e 30 anos convértese en proceso outra vez claramente en marcha na transmisión vivida pola xeración de entre 15 e 20 anos.

Respecto da influencia da variable do lugar de nacemento sobre a lingua inicial, observamos no cadro correspondente que os naturais doutros municipios de Galicia, case con seguridade procedentes de áreas rurais e interiores do país, tiveron o galego como lingua inicial en moita maior medida cós nados en Vigo ou cós nados fóra de Galicia. Os nados en Vigo ou fóra de Galicia tiveron o castelán como lingua inicial en maior medida có galego.

LINGUA EN QUE APRENDEU A FALAR SEGUNDO LUGAR DE NACEMENTO

	NS/NC	galego	castelán	ámbas as dúas
Vigo	,9%	17,0%	49,9%	32,2%
Outro municipio de Galicia		41,0%	26,6%	32,4%
Fóra de Galicia	4,4%	2,7%	78,8%	14,2%
Media	,9%	21,8%	46,5%	30,8%

2.2. Competencia na lingua galega


A competencia lingüística na lingua galega analizouse, como tamén é habitual nos estudos cuantitativos, acudindo ás opinións dos entrevistados/as sobre a capacidade para se desenvolveren no galego nas catro destrezas básicas: ler, escribir, entender e falar galego. Ademais, consideramos pertinente, tendo en conta a situación sociolingüística de partida, achegarnos á observación indirecta da competencia en galego desde a perspectiva do grao de dificultade que o manexo da lingua ten para os individuos.

No que se refire ao grao de dificultade percibido polas e polos entrevistados para entender, falaren, ler e escribir en galego, mentres que o entendemento non supón ningún problema para a práctica totalidade das cidadás e dos cidadáns, a fala en galego presenta algunha dificultade para o 21,6%, e moita para o 5,6%, en tanto que na lectura e na escritura os problemas de falar en galego presenta problemas para o 27,2% dos entrevistados, e a actividade de ler en galego supón problemas para o 29,5%.

GRAO DE DIFICULTADE PARA FALAR, LER E ESCRIBIR EN GALEGO

	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
Falar	72.7%	21.6%	5.6%
Ler	70.4%	22.3%	7.2%
Escribir	57.0%	29.2%	13.6%

GRAO DE DIFICULTADE PARA FALAR, LER E ESCRIBIR EN GALEGO



Imos presentar de seguido unha descrición algo máis detallada de cada unha das tres destrezas lingüísticas examinadas neste estudo. Se comezamos pola capacidade para falar en galego, observamos que, segundo a idade, a presentación DALGUNHA OU MOITA DIFICULTADE aumenta a medida que descende o grupo de idade: así ocorre no 31,1% no grupo de idade máis novo e tal porcentaxe vai descendendo ata chegar ao 23,6% no caso do grupo de máis de 65 anos. Con todo, as diferencias entre grupos de idade non son porcentualmente importantes.

GRAO DE DIFICULTADE PARA FALAR EN GALEGO SEGUNDO A IDADE

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
15-20		68,9%	27,0%	4,1%
20-30		71,3%	23,5%	5,1%
30-40		72,8%	21,1%	6,1%
40-50	,4%	71,6%	21,8%	6,2%
50-65		74,5%	19,8%	5,8%
>65		76,4%	17,4%	6,2%
Media	,1%	72,7%	21,6%	5,6%

Se reparamos agora na variable da lingua inicial, teremos que as maiores dificultades para empregar oralmente o galego se atopan nos individuos que tiveron o castelán como lingua inicial.

GRAO DE DIFICULTADE PARA FALAR EN GALEGO SEGÚN LINGUA INICIAL

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
galego	,3%	94,8%	3,6%	1,3%
castelán		56,4%	33,5%	10,1%
ámbas as dúas		81,4%	16,7%	1,9%
Media	,1%	72,6%	21,6%	5,7%

Tamén é ben visible a relación entre utilizar habitualmente unha lingua e ter (ou non) dificultades para usala oralmente: teñen algunha ou moita dificultades para falar o galego o 50,3% dos monolingües en castelán, o 23,3% dos bilingües con predominio do castelán, o 5,1% dos bilingües con predominio do galego, e o 5,2% dos monolingües en galego.

Os individuos máis abeirados ao uso habitual do castelán son os que manifestan maiores problemas para usar o galego oralmente, sobre todo no caso dos monolingües en castelán e en menor medida os bilingües con predominio do castelán.

GRAO DE DIFICULTADE PARA FALAR EN GALEGO SEGUNDO LINGUA FALADA HABITUALMENTE

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
só galego		94,9%	3,1%	2,1%
máis galego ca castelán		94,8%	4,7%	,4%
máis castelán ca galego	,2%	76,5%	21,7%	1,6%
só castelán		49,7%	37,1%	13,2%
Media	,1%	72,7%	21,6%	5,6%

Chama a atención que, segundo os datos fornecidos no cadro seguinte, o maior ou menor nivel de dificultade para utilizar o galego oralmente non se vexa condicionado pola realización de estudos de lingua galega. Parece que utilizar o galego activamente, como vimos no cadro anterior, pode ser máis determinante á hora de que un individuo teña dúbidas ou incertezas á hora de utilizar o galego oralmente.

GRAO DE DIFICULTADE PARA FALAR EN GALEGO SEGUNDO ESTUDIOS DE LINGUA GALEGA

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
non		73,4%	19,2%	7,4%
no ensino primario		72,1%	22,1%	5,9%
no ensino secundario		72,8%	23,8%	3,4%
outros	1,5%	64,7%	29,4%	4,4%
Media	,1%	72,7%	21,6%	5,6%

Por zonas observamos máis nivel de dificultade para falar en galego naqueles barrios e parroquias onde menos se utiliza o galego, como teremos ocasión de ver no seu momento.

GRAO DE DIFICULTADE PARA FALAR EN GALEGO POR ZONAS

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
Centro		64,4%	27,0%	8,6%
O Berbés/Barrio Histórico		66,7%	28,6%	4,8%
O Calvario/Lavadores	,6%	67,7%	26,2%	5,5%
As Travesas/Coia		66,3%	24,7%	9,0%
Teis		80,4%	19,6%	
Bouzas/Alcabre		76,4%	20,2%	3,4%
Saiáns, Coruxo		83,1%	14,1%	2,8%
Resto (Valadares, Zamáns,...)		84,5%	12,5%	3,0%
Media	,1%	72,6%	21,6%	5,7%

E tocante ao nivel de estudos, observamos que os individuos con menos estudos teñen menos dificultades para falar en galego cós que teñen máis estudos. En consecuencia, podemos supoñer que acadar estudos medios ou superiores non vai redundar necesariamente nunha maior competencia oral en galego.

GRAO DE DIFICULTADE PARA FALAR EN GALEGO SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDIOS

	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade	Ns/Nc
Sen estudos	87,0	7,2	5,8	
Elementais	75,1	19,7	5,0	,2
Medios	70,0	24,7	5,2	
Superiores	71,2	21,6	7,2	
Total	72,7	21,5	5,7	,1

A continuación observamos os resultados da competencia lectora en galego. A influencia da aprendizaxe formal do galego sobre a presenza ou ausencia do dificultades lectoras compróbase doadamente cando constatamos que teñen algunha ou moita dificultade o 44% dos que non teñen estudos de galego, mentres que esa porcentaxe baixa ata o 13,8% dos que estudaron galego en secundaria.

GRAO DE DIFICULTADE PARA LER EN GALEGO SEGÚN ESTUDIOS DE GALEGO

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
non		55,7%	30,9%	13,5%
no ensino primario		77,9%	21,3%	,7%
no ensino secundario		86,2%	12,3%	1,5%
outros	1,5%	75,0%	19,1%	4,4%
Media	,1%	70,5%	22,2%	7,3%

Algo semellante atopamos no caso do nivel de estudos: a maior nivel de estudos acadado, menos dificultades para ler en galego, e a menor nivel de estudos, máis dificultades. Debemos lembrar aquí que a competencia lectora, a diferenza da competencia para falar unha lingua, está directamente ligada á aprendizaxe formal e consciente, de maneira que serán aqueles que acaden niveis máis altos de escolarización e de formación os que teñan menos dificultades para desenvolver ese tipo de aptitudes.

GRAO DE DIFICULTADE PARA LER EN GALEGO SEGUNDO NIVEL DE ESTUDIOS

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
Sen estudos		27,5%	26,1%	46,4%
Elementais	,2%	56,0%	33,8%	10,0%
Medios		78,9%	18,5%	2,6%
Superiores		83,5%	13,2%	3,3%
Media	,1%	70,4%	22,3%	7,2%

O grao de dificultade para ler en galego diminúe coa idade dos individuos, e estes datos son congruentes coa maior escolarización en galego dos grupos máis novos de idade, ao contrario do que pasou cos grupos de idade maiores.

GRAO DE DIFICULTADE PARA LER EN GALEGO SEGUNDO IDADE

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
15-20		81,1%	17,6%	1,4%
20-30		85,1%	12,9%	2,0%
30-40		77,8%	17,9%	4,3%
40-50	,4%	72,3%	22,3%	5,0%
50-65		56,6%	34,8%	8,6%
>65		44,6%	29,7%	25,6%
Media	,1%	70,4%	22,2%	7,3%

Se examinamos a situación por zonas do concello, obtemos un panorama bastante diverso e aparentemente non cinguido a factores causais claramente definidos. Por exemplo, os individuos con menos dificultade para ler en galego residen no Centro, en Teis en Saiáns/Coruxo, zonas que non teñen características sociolingüísticas ou sociodemográficas semellantes.

GRAO DE DIFICULTADE PARA LER EN GALEGO SEGUNDO ZONA

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
Centro		72,5%	22,2%	5,4%
O Berbés/Barrio Histórico		60,0%	30,0%	10,0%
O Calvario/Lavadores	,6%	64,6%	26,2%	8,5%
As Travesas/Coia		66,3%	25,3%	8,4%
Teis		75,3%	18,3%	6,5%
Bouzas/Alcabre		65,6%	21,1%	13,3%
Saiáns, Coruxo		82,9%	14,3%	2,9%
Resto (Valadares, Zamáns,...)		70,2%	21,4%	8,3%
Media	,1%	70,4%	22,2%	7,3%

A escrita é a outra aptitude lingüística que require aprendizaxe consciente. No seguinte cadro observamos que a idade volve ser decisiva na presentación dun continuo de máis a menos nivel de dificultade para desenvolver o galego por escrito. Estamos, polo tanto, ante outra consecuencia aptitudinal da meirande presenza da lingua galega e de contidos en galego no ensino infantil, primario e secundario.

GRAO DE DIFICULTADE PARA ESCRIBIR EN GALEGO SEGUNDO IDADE

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
15-20	,7%	68,5%	26,8%	4,0%
20-30		76,2%	20,7%	3,1%
30-40		63,3%	23,0%	13,7%
40-50	,4%	59,1%	28,5%	12,0%
50-65		37,9%	42,4%	19,8%
>65		31,1%	36,7%	32,1%
Media	,1%	56,9%	29,2%	13,8%

Segundo a lingua habitual, non observamos unha relación estreita entre falar máis ou menos galego e ter máis ou menos dificultades para escribilo. Así, teñen moitas dificultades para

escribir en galego o 17,9% dos que se declaran monolingües e o 18,2% dos que se declaran monolingües en castelán.

GRAO DE DIFICULTADE PARA ESCRIBIR EN GALEGO SEGUNDO LINGUA FALADA HABITUALMENTE

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
só galego		51,3%	30,8%	17,9%
máis galego ca castelán		57,9%	29,2%	12,9%
máis castelán ca galego	,4%	66,5%	26,5%	6,5%
só castelán		50,5%	31,3%	18,2%
Media	,1%	57,0%	29,2%	13,7%

Tamén no caso do nivel de estudos constatamos que a aprendizaxe da escrita en galego depende máis do nivel formativo acadado ca doutros factores máis relacionados co uso efectivo da lingua. Mentres que non teñen dificultade para escribilo o 18,8% dos que non teñen estudos, tampouco a teñen o 70,6% dos que realizaron estudos superiores.

GRAO DE DIFICULTADE PARA ESCRIBIR EN GALEGO SEGUNDO NIVEL DE ESTUDIOS

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
Sen estudos		18,8%	30,4%	50,7%
Elementais	,2%	39,9%	38,7%	21,1%
Medios	,2%	66,4%	26,5%	7,0%
Superiores		70,6%	21,6%	7,8%
Media	,1%	57,0%	29,2%	13,6%

No seguinte cadro comprobamos a relación tan estreita que se formula entre ter realizados estudos con presenza da lingua galega ou non telos. Así, o 38,9% dos que non fixeron estudos de galego manifestan non ter dificultades á hora de escribir, mentres que non teñen tales dificultades o 75,1% dos que cursaron galego no ensino secundario.

GRAO DE DIFICULTADE PARA ESCRIBIR EN GALEGO
SEGUNDO REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE LINGUA GALEGA

	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
non		38,9%	36,8%	24,4%
no ensino primario		72,8%	21,3%	5,9%
No ensino secundario		75,1%	22,8%	2,1%
outros	2,9%	58,8%	22,1%	16,2%
Media	,1%	57,0%	29,2%	13,7%

Se examinamos a situación por zonas do concello, vemos que os individuos con menos dificultade para escribir en galego residen en Teis e Saiáns/Coruxo, de xeito semellante o que ocorría coas dificultade para ler en galego.

GRAO DE DIFICULTADE PARA ESCRIBIR EN GALEGO SEGUNDO ZONA


	NS/NC	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
Centro	0,2%	54,0%	33,8%	12,0%
O Berbés/Barrio Histórico		47,6%	33,3%	19,0%
O Calvario/Lavadores	0,6%	50,3%	28,8%	20,2%
As Travesas/Coia		56,0%	28,9%	15,1%
Teis		63,7%	27,5%	8,8%
Bouzas/Alcabre		58,4%	27,0%	14,6%
Saiáns, Coruxo		72,9%	18,6%	8,6%
Resto (Valadares, Zamáns,...)		59,9%	26,1%	13,9%
Media	0,1%	57,0%	29,2%	13,7%

Unha variable que nos permite avaliar con máis propiedade a situación da aptitude lingüística que manifestan as e os cidadáns vigueses en galego é a porcentaxe de individuos que realizou algún tipo de estudos de lingua galega. O 47,1% dos entrevistados manifestou non ter realizado nunca tal tipo de aprendizaxe formal, en tanto o 9,7% estudou galego na educación primaria, e o 37,8% dos vigueses asistiu a aulas de lingua galega na educación secundaria. Probablemente estamos a medir o efecto positivo do proceso de introducción do galego no ensino.

REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE LINGUA GALEGA

	percentaxe
non	47,1
no ensino primario	9,7
no ensino secundario	37,8
outros	4,9
NS/NC	0,5

REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE LINGUA GALEGA



Constatamos paralelamente que o 18,4% dos vigueses e viguesas realizou algún dos cursos de galego para adultos organizados pola Xunta de Galicia –cursos de iniciación, perfeccionamento e especialización.

REALIZACIÓN DE CURSOS DE FORMACIÓN LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA

	percentaxe
non	81,6
iniciación	5,1
perfeccionamento	11,0
especialización	2,3

O panorama sobre a aprendizaxe formal da lingua galega debe ser matizado adecuadamente analizando a interacción desta variable con outras tan relevantes como idade, nivel de estudos, etc.

Ao cruzar esta pregunta coa variable da idade podemos observar claramente que a ausencia de estudos de lingua galega está moi concentrada nos individuos de máis de 40 anos, mentres que entre os individuos dos grupos de idade máis nova son maioría aqueles que estudaron galego no ensino obrigatorio. En consecuencia, a media do 47% que obtemos entre os residentes na cidade de Vigo está fortemente condicionada polos residentes de máis de 40 anos. É moi previsible e realista pensar que na medida que estes grupos de idade máis novos van ocupando os segmentos de idade maiores o perfil da realización de estudos de galego cambiará considerablemente.

REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE LINGUA GALEGA SEGUNDO A IDADE

	NS/NC	non	no ensino primario	no ensino secundario	outros
15-20	,7%	2,0%	13,4%	80,5%	3,4%
20-30	,3%	6,8%	13,9%	74,5%	4,4%
30-40	,4%	25,4%	14,3%	53,4%	6,5%
40-50	1,2%	68,6%	9,9%	14,0%	6,2%
50-65	,4%	86,9%	2,9%	3,7%	6,1%
>65		95,4%	3,1%		1,5%
Media	,5%	47,0%	9,8%	37,8%	4,9%

Respecto das zonas do concello vigués, non atopamos diferencias nesta pregunta que poidan deberse a razóns socioxeográficas, pero podemos indicar que os datos indican que O Berbés/Barrio Histórico, Bouzas/Alcabre e Resto do concello presentan unha porcentaxe de non realización de estudos de lingua galega superior á media de todo o concello, mentres que a zona Centro ou Saiáns/Coruxo presentan cifras moi inferiores á media.

REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE LINGUA GALEGA SEGUNDO A ZONA

	NS/NC	non	no ensino primario	no ensino secundario	outros
Centro	1,3%	41,1%	9,4%	41,3%	6,9%
O Berbés/Barrio Histórico		52,4%	4,8%	42,9%	
O Calvario/Lavadores	1,2%	47,6%	3,0%	42,7%	5,5%
As Travesas/Coia		44,8%	17,6%	32,7%	4,8%
Teis		49,5%	9,9%	35,2%	5,5%
Bouzas/Alcabre		52,8%	4,5%	40,4%	2,2%
Saiáns, Coruxo		40,8%	5,6%	45,1%	8,5%
Resto (Valadares, Zamáns,...)		54,8%	11,9%	31,3%	2,1%
Media	,6%	47,0%	9,7%	37,8%	4,9%

CAPÍTULO 3.

LINGUA HABITUAL E USOS LINGÜÍSTICOS

Trataremos nesta sección tres aspectos que están directamente vinculados co uso efectivo da lingua galega: en primeiro lugar, mostraremos a distribución da lingua habitual; en segundo lugar, centrarémonos na situación da frecuencia de uso da lingua galega; e, para finalizar, comentaremos os resultados da pregunta centrada nos usos lingüísticos en contextos e con interlocutores específicos.

O obxectivo desta sección é ofrecer un panorama realista da vitalidade da lingua galega nos usos lingüísticos ordinarios por parte da cidadanía viguesa, usos que nos permitirán complementar os datos xa comentados anteriormente sobre a presenza do galego nas transmisións primarias e sobre o nivel de competencia lingüística.

3.1 Lingua habitual


Neste apartado imos considerar por separado dous aspectos relacionados directamente cos usos lingüísticos: por un lado, a lingua habitual dos individuos, e, por outro, a frecuencia coa que empregan a lingua galega en xeral e con interlocutores específicos.

Para a primeira das cuestións contemplaremos catro posibles respostas: SÓ GALEGO, SÓ CASTELÁN, MÁIS GALEGO CA CASTELÁN, e MÁIS CASTELÁN CA GALEGO. Con esta escala recolleemos tanto as situacións de monolingüismo coma os casos de bilingüismo habitual con predominio dunha ou doutra variedade. Para a segunda das cuestións analizadas neste apartado –a frecuencia de uso da lingua galega–, empregamos nas respostas unha escala de tres puntos: SEMPRE, ÁS VECES, e NUNCA.

Con respecto á lingua habitual, o 14,0% dos cidadáns vigueses usa só a lingua galega, o 16,6 % usa máis galego ca castelán, o 31,7% utiliza máis castelán ca galego, e o 35,7% usa só o castelán. Temos, grosso modo, que un tercio dos vigueses son monolingües en castelán, outro tercio son bilingües con predominio do castelán, e o tercio restante componse de monolingües en galego e de bilingües con predominio do galego. Visto desde outra perspectiva, a metade dos vigueses manifesta ser bilingüe –con preminio dunha ou doutra lingua–, mentres que a outra metade sinala ser monolingüe en galego ou en castelán.

LINGUA HABITUAL

	porcentaxe
só galego	14,0
máis galego ca castelán	16,6
máis castelán ca galego	31,7
só castelán	35,7
NS/NC	2,0



Segundo a zona, observamos que os cidadáns e cidadás que se declaran monolingües en galego son moi escasos nas áreas máis céntricas do concello, e só acadan porcentaxes superiores á media xeral no caso das Travesas/Coia, Teis, Bouzas/Alcabre e Resto. A categoría de monolingües en castelán é a que predomina no Centro, no Berbés/Barrio histórico, Bouzas/Alcabre e Saiáns/Coruxo. En cambio, no Calvario/Lavadores, Teis, As Travesas/Coia e na zona Resto do concello, a opción maioritaria é a dos bilingües con predominio do castelán.

LINGUA HABITUAL SEGUNDO A ZONA

	NS/NC	só galego	máis galego ca castelán	máis castelán ca galego	só castelán
Centro	1,5%	8,6%	11,1%	34,5%	44,3%
O Berbés/Barrio Histórico		4,8%	14,3%	38,1%	42,9%
O Calvario/Lavadores	,6%	12,3%	16,6%	40,5%	30,1%
As Travesas/Coia	1,2%	15,1%	20,5%	31,9%	31,3%
Teis	6,6%	18,7%	9,9%	35,2%	29,7%
Bouzas/Alcabre	4,5%	24,7%	10,1%	13,5%	47,2%
Saiáns, Coruxo	2,8%	5,6%	22,5%	21,1%	47,9%
Resto (Valadares, Zamáns,..)	2,1%	19,6%	24,7%	29,5%	24,1%
Media	2,1%	13,9%	16,6%	31,8%	35,7%

Seguindo co cadro que nos mostra a distribución da lingua habitual por zonas, se computamos a suma das opcións SÓ GALEGO e MÁIS GALEGO CA CASTELÁN, observamos que no Centro (19,7%) e no Berbés/Barrio histórico (19,1%) non teñen máis dunha quinta parte de individuos que fagan un uso preferente da lingua galega. A continuación, O Calvario/Lavadores (28,9%), Teis (28,6%) e Saiáns/Coruxo (28,1%) dispoñen de máis dunha cuarta parte dos seus residentes que fan un uso preferencial do galego. E finalmente, As Travesas/Coia (35,6%) e Resto do concello (44,3%) sobrepasan folgadoamente as porcentaxes das zonas anteriores.

Segundo a lingua inicial, a maior parte dos residentes que fan un uso preferente da lingua galega habitualmente son individuos que tiveron o galego como variedade inicial, mentres que os individuos que tenden a utilizar máis o castelán son os que recibiron esa lingua durante a súa socialización primaria. No caso dos bilingües iniciais, estes parecen decantarse preferentemente pola opción do bilingüismo con predominio do castelán, a teor dos datos que podemos observar no seguinte cadro,

LINGUA HABITUAL SEGUNDO LINGUA NA QUE SE APRENDEU A FALAR


	NS/NC	só galego	máis galego ca castelán	máis castelán ca galego	só castelán
galego	1,6%	45,4%	36,3%	12,7%	3,9%
castelán	1,8%	3,2%	4,9%	31,4%	58,7%
ámbas as dúas	3,0%	8,1%	20,6%	46,1%	22,2%
Media	2,1%	14,0%	16,6%	31,7%	35,6%

E respecto das diferencias de lingua habitual en virtude do sexo dos vigueses e viguesas, hai máis monolingües en galego entre os homes ca entre as mulleres, e entre estas hai máis monolingües en castelán ca entre os homes. Onde non hai diferencias substanciais entre homes e mulleres é no caso dos bilingües con predominio dunha ou doutra lingua.

LINGUA HABITUAL SEGUNDO O SEXO

	NS/NC	só galego	máis galego ca castelán	máis castelán ca galego	só castelán
Home	2,0%	17,8%	18,7%	31,5%	30,0%
Muller	2,1%	10,7%	14,8%	31,9%	40,5%
Media	2,1%	14,0%	16,6%	31,7%	35,6%

LINGUA HABITUAL SEGUNDO O SEXO



Conforme a variable da idade, a media de cada opción non ten unha distribución nin moito menos uniforme. A xa constatada caída das opcións galegófonas nas xeracións máis novas parece non ter aínda final. Como podemos observar no cadro, a porcentaxe de monolingües en galego descende 3 puntos na transición desde o penúltimo ó último grupo de idade, mentres que se mantén a porcentaxe de bilingües e aumenta a porcentaxe de monolingües en castelán en 3 puntos. Ademais, o grupo de 15-20 anos presenta unha porcentaxe do 51% de individuos que se declaran monolingües en castelán, feito que nunca se producira en ningún dos outros grupos de idade.

LINGUA HABITUAL SEGUNDO A IDADE

	NS/NC	só galego	máis galego ca castelán	máis castelán ca galego	só castelán
15-20		5,4%	8,1%	35,1%	51,4%
20-30	,3%	8,5%	7,8%	35,0%	48,3%
30-40	4,3%	5,7%	14,0%	36,9%	39,1%
40-50	1,7%	10,4%	21,6%	39,4%	27,0%
50-65	2,9%	21,1%	26,9%	24,8%	24,4%
>65	2,0%	35,2%	21,4%	16,3%	25,0%
Media	2,0%	13,9%	16,6%	31,8%	35,7%

Seguindo co mesmo cadro, a caída de uso preferente do galego mantense inalterada se constatamos a evolución da suma das opcións de SÓ GALEGO e MÁIS GALEGO CA CASTELÁN. Na xeración máis vella tal suma acadaba unha porcentaxe do 56,6%, que vai descendendo paseniñamente: 48,0%, 32%, 19,7%, 16,3%, e 13,5% no grupo de idade máis novo. Á vista destes datos e desta tendencia, o descenso aínda non parece ter rematado polo de agora.

Se examinamos a continuación a repercusión da profesión sobre a lingua habitual, constatamos que os vigueses e viguesas que desenvolven catro tipos específicos de profesións tenden a utilizar en maior medida o galego: trátase do agricultor/mariñeiro (88,5%), xubilado/en paro (50%), ama de casa (38%) e traballador/a non cualificado/a (36,6%).

LINGUA HABITUAL SEGUNDO A PROFESIÓN

	NS/NC	só galego	máis galego ca castelán	máis castelán ca galego	só castelán
ns/nc				66,7%	33,3%
traballador/a non cualificado/a	1,2%	14,6%	22,0%	36,6%	25,6%
traballador/a especializado/a	,5%	11,9%	13,5%	39,4%	34,7%
agricultor/mariñeiro		38,5%	50,0%	7,7%	3,8%
administrativo/a ou funcionario/a	2,9%	11,4%	12,9%	36,4%	36,4%
profesional liberal/téc. titul.	3,3%	4,1%	12,2%	32,5%	48,0%
comerciante ou empresario/a	3,5%	4,4%	25,7%	39,8%	26,5%
estudiante	,4%	9,5%	6,3%	31,3%	52,4%
ama de casa	2,9%	15,6%	22,4%	28,3%	30,7%
xubilado/a ou en paro	3,1%	29,4%	20,6%	20,2%	26,8%
outra	2,5%	10,0%	12,5%	40,0%	35,0%
Media	2,1%	14,1%	16,6%	31,7%	35,6%

No seguinte cadro observamos, dun xeito comparativo, a lingua habitual das tres xeracións nunha mesma familia: a persoa entrevistada, os seus pais e mais os seus avós. Tres cuestións poden ser salientadas da información contida neste cadro: en primeiro lugar, o descenso tan importante do monolingüismo en galego, que vai desde preto do 50% na xeración dos avós ata o 14% na dos entrevistados; en segundo lugar, o aumento paseniño dos monolingües en castelán, que soben do 21,5% dos avós ata o 35,7% da xeración actual; e en terceiro lugar, o aumento considerable das e dos vigueses que se declaran bilingües con predominio do castelán, categoría que pasa dun 10,1% na xeración dos avós e chega ó 31,7% na xeración dos entrevistados.

LINGUA UTILIZADA POLA FAMILIA DO ENTREVISTADO/A

	Avós	Pai	Nai	Entrevistado
só galego	46,9%	34,7%	33,5%	14,0%
máis galego ca castelán	16,4%	17,7%	16,8%	16,6%
máis castelán ca galego	10,1%	18,4%	17,7%	31,7%
só castelán	21,5%	27,9%	30,7%	35,7%
Ns/nc	5,1%	1,2%	1,2%	2,0%
	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Se observamos agora a situación por zonas, poderemos contemplar con máis claridade o descenso da porcentaxe de falantes habituais de galego nas tres xeracións, sumando as porcentaxes de falantes monolingües e de bilingües con predominio do galego. Ese descenso é ben notorio en todas as zonas que investigamos neste estudo, e na maior partes destas zonas a redución que se produciu na porcentaxe de falantes que incorporan o galego de forma preferente nos seus repertorios lingüísticos é do cincuenta por cento, cando observamos as cifras da xeración dos avós e as comparamos coa xeración dos entrevistados.

LINGUA UTILIZADA POLA FAMILIA DO ENTREVISTADO/A SEGUNDO A ZONA

	Avós	Pai	Nai	Entrevistado
Centro	51,7%	39,6%	36,7%	19,7%
O Berbés/Barrio Histórico	40,0%	38,1%	35,0%	19,1%
O Calvario/Lavadores	66,5%	49,3%	51,9%	28,9%
As Travesas/Coia	70,7%	56,7%	53,7%	35,6%
Teis	65,2%	59,8%	57,6%	28,6%
Bouzas/Alcabre	55,7%	41,6%	41,6%	34,8%
Saiáns, Coruxo	71,8%	55,0%	43,7%	28,1%
Resto (Valadares, Zamáns,..)	75,3%	70,5%	69,3%	44,3%
media	63,3%	52,3%	50,2%	30,5%

(SUMA DE OPCIONS SÓ GALEGO E MÁIS GALEGO CA CASTELÁN)

Un aspecto complementario para avaliar con máis propiedade a situación do galego como variedade habitual é o da existencia de cambios na lingua habitual das e dos cidadáns ao longo do ciclo vital. A existencia de transvasamentos cara ao galego ou cara ó castelán pode fornecernos información moi relevante.

Dos datos recollidos, constatamos que catro de cada cinco vigueses manifestan que non cambiaron de lingua ao longo da súa vida. Do resto, o 11,9% modificou a súa conducta lingüística cara a un maior uso do galego, mentres que o 6,9% modificouna para darlle máis entrada ao castelán, tal como se desprende dos datos do cadro seguinte.

¿SEMPRE FALOU HABITUALMENTE A MESMA LINGUA?

	porcentaxe
NS/NC	1,2
Si	79,9
cambiou de máis castelán a máis galego	11,9
cambiou de máis galego a máis castelán	6,9

Segundo a lingua inicial, tal como podemos observar no seguinte cadro, hai unha porcentaxe moi semellante de falantes que cambiaron de lingua: sendo galego-falantes iniciais, pasaron a utilizar máis o castelán o 16,7%; e de seren castelán-falantes iniciais, pasaron a usar máis o galego o 14,1%.

¿SEMPRE FALOU HABITUALMENTE A MESMA LINGUA? SEGUNDO A LINGUA EN QUE SE APRENDEU A FALAR

	NS/NC	Si	cambiou de máis castelán a máis galego	cambiou de máis galego a máis castelán
galego		79,7%	3,6%	16,7%
castelán	2,3%	82,1%	14,1%	1,5%
ámbas as dúas	,5%	76,3%	14,8%	8,4%
Media	1,2%	80,0%	11,9%	6,9%

A estabilidade lingüística dos vigueses é notorio en todaa as áreas socio-xeográficas do concello vigués, sobre todo no caso de Teis e Bouzas/Alcabre.

¿SEMPRE FALOU HABITUALMENTE A MESMA LINGUA?

	NS/NC	Si	cambiou de máis castelán a máis galego	Cambiou de máis galego a máis castelán
Centro	1,9%	75,7%	15,7%	6,7%
O Berbés/Barrio Histórico		71,4%	19,0%	9,5%
O Calvario/Lavadores	,6%	71,3%	19,5%	8,5%
As Travesas/Coia	2,4%	78,9%	9,6%	9,0%
Teis	2,2%	93,5%	3,3%	1,1%
Bouzas/Alcabre	1,1%	88,6%	5,7%	4,5%
Saiáns, Coruxo		82,9%	4,3%	12,9%
Resto (Valadares, Zamáns,..)	,3%	84,5%	8,9%	6,3%
Media	1,3%	80,0%	11,8%	6,9%

3.2 Frecuencia de uso da lingua galega


Tocante á frecuencia coa que emprega a lingua galega en xeral, o 20,7% (19,3% en 1998) dos vigueses contesta que emprega sempre o galego, o 47,7% (55,7% en 1998) responde que usa a lingua galega ás veces, e o 30,8% (23,7% en 1998) sinala que non o usa nunca. Polo tanto, observamos que un de cada tres cidadáns vigueses non utiliza nunca o galego, mentres que as dúas persoas restantes o utilizan ás veces ou sempre.

Esa é a situación para a frecuencia de uso xeral. Se deixamos os datos globais e pasamos a considerar a frecuencia de uso da lingua galega con cinco interlocutores concretos –pais, nais, fillos/as, parella, compañeiros/as de traballo, e amizades e veciñanza–, comprobaremos que as medias de utilización do galego é similar para todos eles, como teremos ocasión de observar máis adiante.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA

	percentaxe
sempre	20,7
ás veces	47,7
nunca	30,8
NS/NC	,9

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA



Segundo a idade decrece a porcentaxe dos que utilizan sempre o galego, mentres que aumenta considerablemente a categoría dos que non o usan nunca.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA SEGUNDO IDADE

	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
15-20	1,4%	7,4%	47,3%	43,9%
20-30	,7%	9,2%	46,9%	43,2%
30-40	--	9,7%	55,8%	34,5%
40-50	1,7%	21,1%	53,3%	24,0%
50-65	,4%	32,5%	47,3%	19,8%
>65	1,0%	49,0%	30,9%	19,1%
Media	,8%	20,8%	47,6%	30,8%

Se temos en consideración agora a variable da profesión, podemos observar que os agricultores/mariñeiros (68%), os xubilados/en paro (40,1%) e as amas de casa (26,3%) son os colectivos profesionais que manifestan usar SEMPRE a lingua galega moi por riba da media; en cambio, os estudantes (44,4%) e os profesionais liberais/técnicos/as titulados (44,3%) son os que manifestan usar NUNCA a lingua galega tamén moi por riba da media xeral de Vigo; e finalmente os comerciantes/empresarios (68%) manifestan unha maior adhesión á opción de ÁS VECES, feito que encaixa na lóxica dunha profesión na cal o/a cliente é habitualmente o elemento central desas actividades.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA SEGUNDO A PROFESIÓN

	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
ns/nc			66,7%	33,3%
traballador/a non cualificado/a		20,5%	50,6%	28,9%
traballador/a especializado/a	2,1%	17,2%	50,0%	30,7%
agricultor/mariñeiro		68,0%	28,0%	4,0%
administrativo/a ou funcionario/a		19,3%	52,1%	28,6%
profesional liberal/técn. titul.	2,5%	8,2%	45,1%	44,3%
comerciante ou empresario/a		9,7%	68,1%	22,1%
estudiante	,8%	9,9%	44,8%	44,4%
ama de casa		26,3%	46,8%	26,8%
xubilado/a ou en paro	,9%	40,1%	35,2%	23,8%
outra		12,2%	68,3%	19,5%
Media	,8%	20,7%	47,7%	30,9%

Tendo en conta o lugar de nacemento, conséntase un maior recurso á lingua galega, en primeiro lugar, entre os que naceron noutros municipios galegos, feito que se explica pola moi presumible ambientalidade en galego nesas zonas; en segundo lugar, entre quen nacen en Vigo; e finalmente, o recurso ó galego é moito menor entre as e os nados fóra de Galicia.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA SEGUNDO O LUGAR DE NACEMENTO

	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
ns/nc	--	20,0%	20,0%	60,0%
Vigo	,9%	15,9%	49,6%	33,7%
Outro municipio de Galicia	1,4%	38,7%	44,5%	15,3%
Fóra de Galicia	--	6,1%	41,2%	52,6%
Media	,9%	20,7%	47,6%	30,8%

A lingua inicial constitúe, como xa tivemos ocasión de comentar anteriormente, unha variable moi relevante para entender os comportamentos lingüísticos cando se trata de describir as preferencias lingüísticas en termos de lingua habitual e de usos lingüísticos concretos. Tamén é unha variable moi interesante para observar a frecuencia de uso do galego, tendo en conta que, a teor do cadro correspondente, os galego-falantes iniciais tenden utilizar SEMPRE o galego, mentres que os castelán-falantes habituais tenden a utilizar NUNCA o galego. E, en congruencia cos datos anteriores, os bilingües iniciais tenden a decantarse maioritariamente (63,6%) pola opción ÁS VECES.

FRECUENCIA DE USO DO GALEGO EN XERAL SEGUNDO LINGUA NA QUE APRENDEU A FALAR

	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
galego	,7%	62,4%	34,0%	2,9%
castelán	1,4%	4,6%	43,5%	50,5%
ámbas as dúas	,2%	16,0%	63,6%	20,2%
Media	,9%	20,7%	47,6%	30,8%

Tendo en conta a continuación a zona, onde detectamos unha presenza moi superior á media xeral da opción SEMPRE é no caso do Resto do concello, mentres que onde constatamos unha resposta tamén superior á media no caso da opción NUNCA é en Bouzas/Alvabre, Centro, O Berbés/Barrio histórico, e Saiáns/Coruxo.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA SEGUNDO A ZONA

	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
Centro	2,1%	12,7%	46,4%	38,8%
O Berbés/Barrio Histórico		14,3%	47,6%	38,1%
O Calvario/Lavadores	,6%	20,2%	49,7%	29,4%
As Travesas/Coia		21,1%	56,0%	22,9%
Teis		16,3%	54,3%	29,3%
Bouzas/Alcabre		23,9%	33,0%	43,2%
Saiáns, Coruxo	1,4%	21,4%	40,0%	37,1%
Resto (Valadares, Zamáns,..)		32,7%	47,9%	19,3%
Media	,9%	20,8%	47,6%	30,7%

Imos examinar de seguido a frecuencia de utilización da lingua galega con cinco tipos diferentes de interlocutores próximos ao universo vital de calquera individuo: o seu pai e nai, os fillos/as, a parella, os compañeiros/as de traballo e as amizades e veciños/as.

A utilización maior do galego –opción SEMPRE– dáse, por esta orde, cos pais e nais, coa parella, coas amizades e veciños/as, cos compañeiros/as de traballos, e cos fillos/as. A opción NUNCA predomina cando o interlocutor é a parella e os pais/nais. E a opción ÁS VECES prevalece entre os compañeiros de traballo e coas amizades e veciños.

É de salientar que, dos cinco supostos preguntados, en tres a opción porcentualmente maioritaria é a de NUNCA, mentres que en dúas a opción maioritaria é ÁS VECES. En ningún caso predomina porcentualmente a opción SEMPRE, mesmo no caso das interacción lingüísticas cos pais/nais ou coa parella.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA CON DIVERSOS INTERLOCUTORES

	sempre	ás veces	nunca	Ns/nc
Pais/nais	26,8%	28,5%	40,5%	4,2%
Fillos/as	18,1%	24,3%	33,5%	24,1%
Parella	23,1%	25,8%	42,2%	8,9%
Compañeiros/as de traballo	19,4%	35,9%	34,4%	10,3%
Amizades e veciños/as	20,9%	45,1%	32,6%	1,4%

A información da frecuencia de uso cos cinco tipos de interlocutores lévanos a observar que os pais e nais e a parella seguen sendo, por esta orde, os dous tipos de interlocutores en que o galego ten unha maior cabida, pero, complementariamente, tamén con estes dous mesmos tipos de interlocutores atopamos as porcentaxes máis altas da resposta NUNCA. Este feito pode ser ex-

plicado se entendemos que para moitos vigueses e viguesas os pais e nais son un lugar de forte utilización do galego, mentres que para outro grupo, parece que cada vez maior, de vigueses/as os pais e nais foron –ou son– activos transmisores do castelán e, en boa lóxica, tenden a utilizar en exclusiva esa lingua.

Imos comentar con algo máis de detalle a situación específica da frecuencia de uso da lingua galega nas interaccións cos fillos/as.

As zonas en que prevalece con maior rotundidade a opción *SEMPRE* son as de Resto do concello, As Travesas/Coia e Bouzas/Alcabre. Nas que predomina con máis forza a opción *NUNCA* son as do Centro, O Berbés/Barrio histórico, Bouzas/Alcabre e Saiáns/Coruxo. E, finalmente, a opción *ÁS VECES* ten preponderancia en Teis, As Travesas/Coia e O Calvario/Lavadores.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA COS FILLOS/AS SEGUNDO ZONA

	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
Centro	27,6%	10,9%	19,9%	41,5%
O Berbés/Barrio Histórico	20,0%	10,0%	15,0%	55,0%
O Calvario/Lavadores	25,2%	13,5%	29,4%	31,9%
As Travesas/Coia	17,0%	24,8%	29,7%	28,5%
Teis	16,3%	17,4%	38,0%	28,3%
Bouzas/Alcabre	19,1%	20,2%	13,5%	47,2%
Saiáns, Coruxo	26,8%	16,9%	14,1%	42,3%
Resto (Valadares, Zamáns,..)	25,3%	27,4%	26,8%	20,5%
Media	24,1%	18,1%	24,2%	33,6%

Consonte coas porcentaxes que examinamos na lingua habitual segundo o sexo, volvemos atopar aquí unha conducta lingüística cos fillos/as diferenciada por parte de homes e mulleres. Malia que tanto nos homes coma nas mulleres predomina a opción *NUNCA*, nas mulleres ese predomínio é moito máis contundente desde a perspectiva cuantitativa que examinamos nesta investigación: o 39,7% das mulleres nunca lles falan galego ós fillos/as, mentres que a porcentaxe de homes que nunca llelo falan é do 26,5%.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA COS FILLOS/AS SEGUNDO SEXO

	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
Home	27,4%	21,1%	25,1%	26,5%
Muller	21,2%	15,5%	23,6%	39,7%
Media	24,1%	18,1%	24,3%	33,5%

A porcentaxe de frecuencia de uso da lingua galega cos fillos/as, aténdonos á variable da idade, móstranos un panorama difícil para o galego, desde o momento en que observamos que a opción predominante nos grupos máis novos de idade é a de non usar nunca o galego (se descontamos nestes grupos máis novos os casos NS/NC, producidos lóxicamente pola non presenza de fillos/as en grande parte dos entrevistados desas franxas de idade máis novas).

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA COS FILLOS/AS SEGUNDO A IDADE

	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
15-20	66,9%	2,7%	5,4%	25,0%
20-30	51,4%	6,5%	8,8%	33,3%
30-40	21,9%	6,8%	28,3%	43,0%
40-50	5,0%	19,4%	37,2%	38,4%
50-65	3,7%	30,7%	35,7%	29,9%
>65	2,6%	45,1%	26,2%	26,2%
Media	24,0%	18,0%	24,3%	33,6%

Existe unha relación directa entre lingua habitual e frecuencia de uso do galego cos fillos, como non podía ser doutro xeito. Entre os individuos que se declaran bilingües con predominio do castelán a porcentaxe dos que lles falan aos fillos sempre en galego é practicamente despreziable (3,6%), mentres que máis de tres de cada catro galegofalantes usan sempre o galego cos seus fillos e fillas.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA COS FILLOS/AS SEGUNDO A LINGUA HABITUAL

LINGUA HABITUAL	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
só galego	9,2%	75,5%	7,1%	8,2%
máis galego ca castelán	15,5%	33,5%	45,5%	5,6%
máis castelán ca galego	31,0%	3,6%	35,7%	29,7%
só castelán	28,4%	1,0%	9,8%	60,8%
Media	24,0%	18,0%	24,3%	33,6%

Pasamos agora a examinar a frecuencia de uso da lingua galega coas amizades e veciños/as, tipo de interlocutores entre os que a presenza do galego era importante e onde tamén se manifestaban usos bilingües (os que podemos hipotetizar a partir da opción *ÁS VECES*).

Segundo a zona, a opción *SEMPRE* prevalece considerablemente no Resto do concello e nas Travesas/Coais. A opción *ÁS VECES* é predominante no Centro, O Calvario/Lavadores e en

Teis. Finalmente, a opción NUNCA é unha resposta cuantitativamente significativa no Centro, O Berbés/Barrio histórico, Bouzas/Alcabre e Saiáns/Coruxo.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA CON AMIGOS/AS E VECIÑOS/AS SEGUNDO A ZONA

	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
Centro	1,9%	11,6%	48,7%	37,8%
O Berbés/Barrio Histórico	--	14,3%	42,9%	42,9%
O Calvario/Lavadores	--	20,1%	52,4%	27,4%
As Travesas/Coia	,6%	22,9%	45,2%	31,3%
Teis	--	16,3%	48,9%	34,8%
Bouzas/Alcabre	9,0%	21,3%	25,8%	43,8%
Saiáns, Coruxo	1,4%	21,1%	35,2%	42,3%
Resto (Valadares, Zamáns,..)	,3%	34,9%	42,4%	22,4%
Media	1,4%	20,9%	45,0%	32,6%

Tamén no caso das amizades e dos veciños/as homes e mulleres manifestan un comportamento distinto. Concretamente, os homes tenden a usar máis o galego e as mulleres menos.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA COS AMIGOS E VECIÑOS SEGUNDO SEXO

	NS/NC	Sempre	ás veces	nunca
Home	1,1%	25,3%	46,7%	27,0%
Muller	1,7%	17,1%	43,6%	37,6%
Media	1,4%	20,9%	45,0%	32,6%

Se contemplamos a variable da idade constatamos que tenden a utilizar o galego os de maior idade, mentres que os de menor idade tenden a non utilizalo. É salientable que en todos os grupos de idade predomina a opción SEMPRE ou, principalmente, ÁS VECES, pero no grupo de 15-20 anos (o máis novo) predomina a opción NUNCA.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA COS AMIGOS E VECIÑOS
SEGUNDO A IDADE

	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
15-20	2,0%	8,7%	31,5%	57,7%
20-30	2,4%	9,9%	45,6%	42,2%
30-40	,7%	12,9%	49,3%	37,1%
40-50	1,7%	19,8%	55,4%	23,1%
50-65	1,2%	30,0%	49,4%	19,3%
>65	,5%	47,4%	30,9%	21,1%
Media	1,4%	20,8%	45,1%	32,6%

Finalmente, se temos en consideración a relación da variable coa lingua habitual, volvemos observar unha relación directa entre esta e a frecuencia de uso da lingua galega cando interactuamos con amizades e veciños. Se prevalece o galego como variedade habitual, tenderemos a usar en maior medida o galego neste tipo de intercambios, mentres que se prevalece no repertorio lingüístico o castelán, as interaccións tenderán a non producirse en galego.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA COS AMIGOS E VECIÑOS
SEGUNDO LINGUA FALADA HABITUALMENTE

	NS/NC	sempre	ás veces	nunca
só galego	1,0%	81,1%	10,2%	7,7%
máis galego ca castelán	,4%	41,6%	54,9%	3,0%
máis castelán ca galego	,9%	4,7%	78,2%	16,2%
só castelán	2,6%	1,4%	24,4%	71,7%
Media	1,4%	20,9%	45,0%	32,6%

3.3 Usos lingüísticos específicos

Examinamos a continuación os resultados dos usos lingüísticos específicos. Concretamente, preguntamos polos usos lingüísticos dos vigueses en seis tipos diferentes de ocasións de interacción: preguntar algo na rúa, falar por teléfono, mercar algo nunha tenda, dirixirse ao Concello, dirixirse á administración de facenda, e falar cun superior no traballo.

A primeira observación que cómpre facer respecto da contestación a esta pregunta é que a utilización do castelán en exclusiva é a opción máis valorada por todas as persoas entrevistadas. Malia o dito e desde unha perspectiva comparativa, dirixirse ó Concello e mais á Administración de Facenda son as dúas actividades para as cales as e os vigueses tenden a utilizar en maior medida a lingua galega.

USOS LINGÜÍSTICOS EN CONTEXTO

¿Que lingua utiliza cando ... ?	só galego	máis galego	máis castelán	só castelán	Ns/nc
quere preguntar algo na rúa	16,4%	11,5%	23,8%	45,8%	2,5%
fala por teléfono	15,7%	11,9%	23,9%	45,7%	2,8%
vai mercar algo á tenda	17,6%	10,8%	23,6%	44,9%	3,1%
se dirixe ó Concello	23,4%	11,8%	18,2%	43,5%	3%
se dirixe á Admón de Facenda en Vigo	21,9%	11,4%	17,1%	45,5%	4,1%
fala cun superior no seu traballo	17,2%	10,1%	17,1%	47%	8,5%

Se agrupamos as respostas máis favorables á lingua galega (opcións SÓ GALEGO e MÁIS GALEGO CA CASTELÁN) e as cruzamos coa idade, comprobamos que as xeracións máis novas recorren en moita menor medida ás máis vellas á lingua galega en todas as actividades ou situacións propostas no cuestionario. En calquera caso, dirixirse ao Concello e a Facenda seguen sendo as dúas actividades e os dous interlocutores que maior presenza do galego supoñen, tamén entre a xente nova.

USO LINGÜÍSTICOS EN CONTEXTO SEGUNDO IDADE

¿Que lingua utiliza cando ... ?	0-20	20-30	30-40	40-50	50-65	>65
quere preguntar algo na rúa	10,8%	12,6%	19,4%	30,1%	42,2%	55,6%
fala por teléfono	9,5%	12,6%	18,6%	30,1%	41,5%	55,1%
vai mercar algo á tenda	9,5%	14,7%	20,9%	32%	39,5%	55,6%
se dirixe ó Concello	16,9%	22,4%	26,8%	38,4%	49,1%	58,2%
se dirixe á Administración de Facenda en Vigo	12,2%	21,1%	25%	37,9%	47,1%	56,7%
fala cun superior no seu traballo	10,1%	14,7%	20,9%	31%	37%	50,8%

(SUMA DE OPCIONS SÓ GALEGO E MÁIS GALEGO CA CASTELÁN)

Diante dunha pregunta relativa á lingua que cada individuo empregaría con interlocutores ben de Galicia, ben de fóra de Galicia, ou de fóra que leve tempo residindo en Vigo ou Galicia, óptase maioritariamente polo castelán coa xente de fóra, leve moito ou pouco tempo entre nós, e tamén se recorre máis ao castelán có galego coa xente de Galicia, aínda que neste caso as porcentaxes son moi semellantes (50,8% usan o castelán, e o 42,9% o galego).

¿EN QUE LINGUA LLE FALA A?


	galego	castelán	Ns/Nc
xente de Galicia	42,9%	50,8%	6,3%
xente de fóra de Galicia	10,9%	86,5%	2,6%
xente de fóra que leva tempo aquí	26,3%	69,8%	3,9%

A seguinte pregunta estaba dirixida a buscar os casos de converxencia e de diverxencia lingüística segundo a lingua empregada polo interlocutor. Comprobamos, á vista dos datos do cadro seguinte, que o grao de converxencia coa variedade lingüística do interlocutor é moi alto, dado que así o fai o 75,5% das e dos vigueses cando lles falan en galego, e o 86,2% cando lles falan en castelán. Pero, complementariamente, comprobamos que se tende a converxer en maior medida se a lingua do interlocutor é o castelán, e en menor medida se é o galego.


SE SE DIRIXEN A VOSTEDE EN, VOSTEDE FALA.....

	galego	castelán	Ns/Nc
Se se dirixen a vostede en galego, vostede fala	75,5%	23,8%	,7%
Se se dirixen a vostede en castelán, vostede fala	12,4%	86,2%	1,3%

SE SE DIRIXEN A VOSTEDE EN GALEGO, VOSTEDE FALA



SE SE DIRIXEN A VOSTEDE EN CASTELÁN, VOSTEDE FALA



CAPÍTULO 4.

ACTITUDES E OPINIÓNS LINGÜÍSTICAS

Incluimos no cuestionario un conxunto amplo e variado de preguntas vinculadas coas opinións e actitudes sociolingüísticas da cidadanía viguesa ante a situación de contacto de linguas, ante a pertinencia da lingua galega en determinados ámbitos e situacións de uso, ante as actividades de extensión e de promoción da lingua galega desde a administración local viguesa, e un longo e variado etcétera que será o obxecto de estudo desta sección da investigación.

Débase ter en conta que os resultados e as tendencias nas actitudes lingüísticas dos individuos non sempre teñen que coincidir cos datos acadados noutros aspectos sociolingüísticos. Nese sentido, por exemplo, é relativamente doado atopar opinións positivas sobre unha lingua, e asemade constatar o escaso uso da lingua por parte deses individuos que teñen boa opinión dela.

Por outra parte, convén lembrar que nas investigacións que se levan facendo sobre a situación sociolingüística contemporánea da lingua galega, as opinións, actitudes e posicionamentos dos individuos tenden a ser, en xeral, positivos para a lingua galega e para as e os seus falantes. Desta maneira, é esperable que os resultados acadados na cidade de Vigo tamén sexan, en xeral, positivos para a lingua e para a súa promoción social e institucional.

4.1 Consideracións sobre coñecemento e uso da lingua galega

O primeiro aspecto analizado foi a opinión das e dos vigueses sobre o nivel de coñecemento xeral da lingua galega, e a este respecto o 51,8% opina que hai un nivel medio de coñecemento da lingua galega, en tanto o 13,3% sinala que o nivel de coñecemento é alto.

¿PENSA QUE EN XERAL O NIVEL DE COÑECEMENTO DO GALEGO É?


	porcentaxe
NS/NC	3,9
Alto	13,3
Medio	51,8
Baixo	31,0

Consonte con esta opinión, o 67,5% dos entrevistados considera que é bastante importante ou moi importante mellorar o coñecemento que teñen do galego, mentres que o 30,9% valora como pouco interesante ou nada interesante tal mellora na súa competencia lingüística na lingua galega.

¿PENSA QUE É IMPORTANTE MELLORAR O SEU COÑECEMENTO DO GALEGO?

	percentaxe
NS/NC	1,5
Moi importante	28,8
Bastante importante	38,7
Pouco importante	23,9
Nada importante	7,0

¿PENSA QUE É IMPORTANTE MELLORAR O SEU COÑECEMENTO DO GALEGO?



Se observamos a resposta a esta cuestión segundo o grupo de idade do entrevistado, observamos que na xente máis nova predomina a opinión favorable a mellorar o coñecemento de galego. Na xente de máis idade, en cambio, atopamos porcentaxes ben diferentes.

PENSA QUE É IMPORTANTE MELLORAR O SEU COÑECEMENTO DO GALEGO
SEGUNDO A IDADE

	NS/NC	Moi importante	Bastante importante	Pouco importante	Nada importante
15-20	1,4%	28,6%	39,5%	21,8%	8,8%
20-30	,3%	29,6%	37,1%	25,2%	7,8%
30-40	2,5%	27,3%	38,8%	25,2%	6,1%
40-50	2,1%	34,3%	36,0%	23,1%	4,5%
50-65	,8%	29,6%	46,9%	18,1%	4,5%
>65	2,1%	22,1%	34,4%	29,7%	11,8%
Media	1,5%	28,9%	38,8%	23,9%	7,0%

Sen embargo, non atopamos diferencias relevantes cando observamos as respostas a esta cuestión tendo en conta o nivel de estudos dos cidadáns, tal como podemos comprobar no cadro seguinte.

PENSA QUE É IMPORTANTE MELLORAR O SEU COÑECEMENTO DO GALEGO
SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDIOS

	Ns/Nc	Moi Importante	Bastante importante	Pouco importante	Nada importante
Sen estudos	2,9%	25,0%	39,7%	22,1%	10,3%
Elementais	1,0%	29,7%	37,3%	24,5%	7,6%
Medios	1,2%	29,4%	39,4%	24,2%	5,7%
Superiores	2,1%	27,8%	38,9%	23,4%	7,8%
Media	1,4%	28,9%	38,7%	24,0%	7,1%

Os individuos que estudaron a lingua galega formalmente tenden a valorar máis positivamente a necesidade de mellorar o coñecemento do galego. Isto pode ser aparentemente indicativo de que aqueles que aprenden galego non están descontentos dos resultados de tal actividade, senón máis ben todo o contrario.

PENSA QUE É IMPORTANTE MELLORAR O SEU COÑECEMENTO DO GALEGO
SEGUNDO SE REALIZOU ALGUNHA VEZ ESTUDIOS DE LINGUA GALEGA

	Ns/Nc	Moi importante	Bastante importante	Pouco importante	Nada importante
non	1,4%	29,4%	37,9%	24,4%	7,0%
no ensino primario		36,0%	41,2%	16,9%	5,9%
no ensino secundario	1,3%	25,8%	39,2%	26,6%	7,2%
outros	2,9%	33,8%	39,7%	14,7%	8,8%
Media	1,4%	28,8%	38,7%	24,0%	7,1%

Os que utilizan máis a lingua galega son os que, loxicamente, tenden a valorar a importancia que ten aprendelo. Pero constatamos paralelamente que entre os falantes habituais de castelán predomina a opción **BASTANTE IMPORTANTE**.

PENSA QUE É IMPORTANTE MELLORAR O SEU COÑECEMENTO DO GALEGO SEGUNDO A LINGUA FALADA HABITUALMENTE


	Ns/Nc	Moi importante	Bastante importante	Pouco importante	Nada importante
só galego	1,0%	30,8%	39,0%	22,1%	7,2%
Máis galego ca castelán	1,7%	36,6%	42,2%	17,7%	1,7%
Máis castelán ca galego	,4%	29,7%	46,1%	20,4%	3,4%
só castelán	2,4%	23,0%	31,0%	30,6%	13,0%
Media	1,4%	28,8%	38,8%	23,9%	7,1%

A continuación formulamos dúas preguntas relativas á avaliación que os cidadáns e cidadás realizan sobre o grao de uso da lingua galega en Vigo e en Galicia, e o resultado supón que o 75,1% dos entrevistados/as opina que o nivel de uso do galego é insuficiente na cidade de Vigo, mentres que o 49,1% dos vigueses opina que o nivel é insuficiente en Galicia. Parece claro que os vigueses notan, con certa facilidade, que na súa cidade se emprega con menor frecuencia o galego do que acontece noutras partes de Galicia. A maioría dos vigueses –concretamente, o 82,3%– opina que son necesarias actividades de fomento do uso da lingua.

¿CAL CRE QUE É O GRAO DE USO DA LINGUA GALEGA?

	insuficiente	adecuado	excesivo
En Galicia	49,1%	48,5%	2,4%
En Vigo	75,1%	23,4%	1,5%

¿CAL CRE QUE É O GRAO DE USO DA LINGUA GALEGA?



Tres de cada catro vigueses considera que o galego ten unha presenza insuficiente na cidade de Vigo, mentres que un de cada catro considera que é unha presenza adecuada (o 23,2%, concretamente). E tendo en conta a idade, as variacións que atopamos ante esta pregunta son realmente pouco significativas.

GRAO DE USO DA LINGUA GALEGA EN VIGO SEGUNDO A IDADE

	NS/NC	insuficiente	adecuado	excesivo
15-20	,7%	75,7%	23,6%	
20-30		80,3%	18,3%	1,4%
30-40	1,1%	75,5%	21,9%	1,4%
40-50	1,7%	74,8%	23,1%	,4%
50-65	1,2%	73,3%	23,0%	2,5%
>65	1,0%	64,1%	32,3%	2,6%
Media	,9%	74,5%	23,2%	1,4%

Mesmo para os monolingües castelán-falantes, a opción maioritaria é a de considerar insuficiente a utilización do galego en Vigo, xa que así opina o 68,1% dos que declaran utilizar só o castelán.

GRAO DE USO DA LINGUA GALEGA EN VIGO SEGUNDO A LINGUA FALADA HABITUALMENTE

	NS/NC	insuficiente	adecuado	excesivo
só galego	,5%	75,5%	24,0%	
máis galego ca castelán	1,3%	77,7%	20,6%	,4%
máis castelán ca galego	,4%	78,4%	19,6%	1,6%
só castelán	1,4%	68,1%	28,1%	2,4%
Media	,9%	74,5%	23,2%	1,4%

Consonte coa que acabamos de comentar, cando se lles pregunta aos cidadáns se serían necesarias actividades para fomentar e dinamizar a lingua galega o 80,2% opina que si.

¿CRE QUE SON NECESARIAS ACTIVIDADES PARA FOMENTAR O USO DA LINGUA GALEGA?

	porcentaxe
NS/NC	2,5
SI	80,2
NON	17,2


4.2 Opinións sobre o status da lingua galega

Para completarmos as preguntas sobre o status da lingua, formulamos unha pregunta directa sobre o grao de utilidade percibido no galego e no castelán, así como a pertinencia da presenza da lingua galega en diferentes ámbitos sociais concretos: os xulgados, medios de comunicación, actos relixiosos, acontecementos deportivos, festas e romarias, conferencias e charlas, e universidade. Tocante, en primeiro lugar, ao grao de utilidade das dúas linguas, o 65,1% manifesta que o galego é tan útil coma o castelán, o 26,1% indica que o galego é menos útil có castelán, finalmente, o 8,3% sinala que o galego é máis útil có castelán.

¿CONSIDERA QUE O GALEGO É TAN ÚTIL COMA O CASTELÁN?

	percentaxe
NS/NC	,5
O galego é máis útil có castelán	8,3
O galego é tan útil coma o castelán	65,1
O galego é menos útil có castelán	26,1

¿CONSIDERA QUE O GALEGO É TAN ÚTIL COMA O CASTELÁN?



A percepción maioritaria da semellante utilidade para galego e castelán parece ser compartida por todos os segmentos de idade, a teor dos datos que nos fornece o cadro seguinte.

CONSIDERA QUE O GALEGO É TAN ÚTIL COMA O CASTELÁN SEGUNDO IDADE

	O galego é máis útil có castelán	O galego é tan útil coma o castelán	O galego é menos útil có castelán	Ns/Nc
15-20	8,1%	62,8%	29,1%	
20-30	7,8%	64,8%	27,0%	,3%
30-40	9,0%	62,4%	28,7%	
40-50	8,7%	66,1%	24,4%	,8%
50-65	7,4%	69,1%	22,2%	1,2%
>65	8,7%	64,6%	26,7%	
media	8,3%	65,1%	26,2%	,4%

En todo caso, a percepción de menor utilidade do galego en comparación co castelán refórzase no caso dos individuos que se declaran só castelán-falantes, segundo o que se desprende do cadro seguinte.

CONSIDERACIÓN DO GALEGO TAN ÚTIL COMO O CASTELÁN
SEGUNDO LINGUA FALADA HABITUALMENTE

	O galego é máis útil có castelán	O galego é tan útil coma o castelán	O galego é menos útil có castelán
só galego	11,7%	77,6%	10,7%
máis galego ca castelán	16,1%	71,3%	12,6%
máis castelán ca galego	8,8%	68,2%	23,0%
só castelán	2,8%	54,6%	42,6%
Total	8,3%	65,1%	26,6%

Segundo o nivel de estudos, a percepción de que as dúas linguas teñen unha utilidade semellante é practicamente común a todos os subgrupos. De forma complementaria, os que teñen menos nivel de estudos tenden a opinar en maior medida que o galego é máis útil co castelán, e os que teñen maior nivel de estudos tenden a indicar en maior medida que o castelán é máis útil co galego.

CONSIDERACIÓN DO GALEGO TAN ÚTIL COMO O CASTELÁN
SEGUNDO NIVEL DE ESTUDIOS

	O galego é máis útil có castelán	O galego é tan útil coma o castelán	O galego é menos útil có castelán	Ns/Nc
Sen estudos	17,4%	66,7%	15,9%	
Elementais	8,1%	71,5%	20,0%	,5%
Medios	9,4%	61,7%	28,9%	
Superiores	5,4%	63,1%	30,6%	,9%
media	8,4%	65,1%	26,1%	,4%

Non atopamos grandes diferenzas segundo a profesión dos vigueses e viguesas respecto desta cuestión. Os dous grupos profesionais que opinan en maior medida que o galego é máis útil co castelán son as amas de casa e mais os traballadores non cualificados. Pola contra, o grupo de profesionais que, moi por riba da media, opina que o castelán é máis útil có galego é o dos profesionais liberais e titulados superiores.

CONSIDERACIÓN QUE O GALEGO É TAN ÚTIL COMA O CASTELÁN
SEGUNDO A PROFESIÓN

	Máis útil có castelán	tan útil coma o castelán	Menos útil có castelán	Ns/Nc
traballador/a non cualificado/a	11,0	74,4	13,4	1,2
traballador/a especializado/a	8,9	64,4	26,7	
agricultor/mariñeiro	4,0	80,0	8,0	8,0
administrativo/a ou funcionario/a	6,4	65,7	27,9	
profesional liberal/téc. titul.	5,7	55,7	36,9	1,6
comerciante ou empresario/a	7,1	65,2	27,7	
estudiante	8,7	65,5	25,8	
ama de casa	10,2	68,8	20,5	,5
xubilado/a ou en paro	9,2	61,0	29,8	
outra	2,4	70,7	26,8	
media	8,3	65,2	26,1	,4

Cando se lles pregunta aos cidadáns e cidadás pola presenza da lingua galega nun conxunto diverso de actividades como o que se recolle no cadro seguinte, observamos que o tipo de resposta presentado se abre a interpretar que os residentes en Vigo non ven chatas nin problemas relevantes para que o galego estea presente en actividades próximas e populares como son

as festas e romaxes (78,6%), en ámbitos de certo prestixio social como no xulgados (73,4%) ou na universidade (72,8%), en actividades deportivas (73,6%) e mesmo nos actos relixiosos (68,9%), entre outras actividades propostas para a consideración dos entrevistados/as.

¿QUE LLE PARECE QUE SE FALE GALEGO?

	ben	indiferente	mal
nos xulgados	73,4%	21,3%	5,3%
nos actos relixiosos	68,9%	25,6%	5,6%
nos medios de comunicación	75,2%	20,9%	3,9%
nos acontecementos deportivos	73,6%	23,0%	3,4%
nas festas e romarias populares	78,6%	19,2%	2,2%
nas conferencias ou charlas	73,9%	20,3%	5,8%
na Universidade	72,8%	20,5%	6,7%

En congruencia coas respostas xa comentadas anteriormente, os vigueses e viguesas contestan maioritariamente no sentido de considerar que os galego-falantes e os castelán-falantes teñen as mesmas posibilidades de ascender socialmente. Así o considera o 72,9%, mentres o 14,5% opina que teñen máis posibilidades de ascender os que falan galego e o 10,7% considera que estes, os galego-falantes, teñen menos posibilidades de ascenso.

¿CONSIDERA QUE OS QUE FALAN GALEGO TEÑEN AS MESMAS POSIBILIDADES DE ASCENDER NO SEU TRABALLO CÓS QUE FALAN CASTELÁN?

	percentaxe
Teñen máis posibilidades	14,5
Teñen as mesmas posibilidades	72,9
Teñen menos posibilidades	10,7
NS/NC	1,9

Se consideramos agora esta pregunta tendo en conta a variable da profesión, observamos algunhas diferencias de opinión respecto desta cuestión, aínda que esas diferencias non alteran a resposta maioritaria de todos os grupos profesionais que consideran que con ambas as linguas é posible ascender socialmente. Sen embargo, mentres que os traballadores non cualificados, os traballadores especializados, os comerciantes e empresarios, os estudantes ou os administrativos e funcionarios presentan porcentaxes moi por riba da media favorables ó feito de que coas dúas linguas hai as mesmas posibilidades, os profesionais liberais e técnicos titulados, e os xubilados e parados presentan porcentaxes sensiblemente por debaixo da media.

CONSIDERA QUE OS QUE FALAN GALEGO TEÑEN AS MESMAS POSIBILIDADES DE ASCENDER NO SEU TRABALLO CÓS QUE FALAN CASTELÁN SEGUNDO A PROFESIÓN

	Ns/Nc	Teñen máis posibilidades	Teñen as mesmas posibilidades	Teñen menos posibilidades
traballador/a non cualificado/a	1,2%	13,3%	80,7%	4,8%
traballador/a especializado/a	,5%	14,6%	77,6%	7,3%
agricultor/mariñeiro	4,0%	4,0%	68,0%	24,0%
administrativo/a ou funcionario/a	---	13,6%	77,1%	9,3%
profesional liberal/téc. titul.	4,1%	22,1%	65,6%	8,2%
comerciante ou empresario/a	,9%	14,2%	79,6%	5,3%
estudiante	2,0%	7,9%	78,7%	11,5%
ama de casa	2,9%	18,6%	66,2%	12,3%
xubilado/a ou en paro	1,8%	16,2%	65,4%	16,7%
outra	4,9%	14,6%	68,3%	12,2%
Media	1,9%	14,5%	73,0%	10,7%

A maioría dos vigueses considera que hai actividades profesionais e laborais para as que se precisa o galego. Tal rotundidade na resposta lévanos a constatar que se percibe claramente que na Galicia contemporánea o galego constitúe en certos casos un instrumento de comunicación relevante e mesmo determinante para atopar un posto de traballo.

¿CONSIDERA QUE HAI TRABALLOS E ACTIVIDADES PARA OS QUE É NECESARIO SABER GALEGO?

	porcentaxe
SI	81,9
NON	16,6
NS/NC	1,5

Esta percepción da necesidade do galego para certas actividades profesionais parece darse en todos os grupos de idade, maior se cabe conforme descende a idade das e dos cidadáns, tal como queda recollido no seguinte cadro.

CONSIDERA QUE HAI TRABALLOS PARA OS QUE É NECESARIO SABER GALEGO SEGUNDO A IDADE

	SI	NON	Ns/Nc
15-20	83,2%	16,8%	---
20-30	87,1%	12,6%	,3%
30-40	80,9%	19,1%	---
40-50	79,8%	16,5%	3,7%
50-65	80,7%	18,0%	1,2%
>65	78,1%	17,3%	4,6%
Media	81,8%	16,6%	1,6%

Entre os que teñen estudos medios ou superiores aumenta a opinión de que hai traballos e actividades para as que é preciso ter un certo nivel de coñecemento e de uso da lingua galega.

CONSIDERA QUE HAI TRABALLOS PARA OS QUE É NECESARIO SABER GALEGO SEGUNDO O NIVEL DE ESTUDIOS

	SI	NON	Ns/Nc
Sen estudos	75,7%	14,3%	10,0%
Elementais	77,7%	20,9%	1,4%
Medios	84,7%	14,6%	,7%
Superiores	84,7%	14,4%	,9%
Media	82,0%	16,5%	1,5%

Tocante á distribución desta cuestión segundo a profesión, atópase moi riba da media os traballadores cualificados, os comerciantes e empresarios e os estudantes. E, pola contra, atópanse moi por debaixo da media os agricultores e mariñeiros.

CONSIDERA QUE HAI TRABALLOS PARA OS QUE É NECESARIO SABER GALEGO SEGUNDO A PROFESIÓN

	SI	NON	Ns/Nc
traballador/a non cualificado/a	87,8%	12,2%	---
traballador/a especializado/a	80,6%	18,8%	,5%
agricultor/mariñeiro	68,0%	32,0%	---
administrativo/a ou funcionario/a	80,0%	19,3%	,7%
profesional liberal/téc. titul.	81,1%	17,2%	1,6%
comerciante ou empresario/a	88,5%	11,5%	---
estudiante	86,1%	13,9%	---
ama de casa	79,4%	15,7%	4,9%
xubilado/a ou en paro	79,5%	18,3%	2,2%
outra	78,0%	17,1%	4,9%
Media	81,9%	16,6%	1,5%

Cando a pregunta se centra no modelo lingüístico que debería predominar na escola, óptase maioritariamente pola presenza das dúas linguas no currículo escolar, tal como queda de manifesto no feito de que o 83,6% da mostra se posiciona a prol do ensino en galego e en castelán.

¿COMO CRE QUE DEBE SER O ENSINO NA ESCOLA?

	porcentaxe
só en galego	9,0
en galego e en castelán	83,6
só en castelán	6,3
NS/NC	1,1

Cando se lles pregunta aos cidadáns pola esixencia de coñecemento da lingua galega ao persoal de distintas administracións públicas, a opinión maioritaria sitúase na aceptación de tal esixencia lingüística tanto para o persoal da Xunta de Galicia, coma do Concello de Vigo, coma da administración do Estado. E, polo tanto, a porcentaxe de respostas que consideran indiferente ou mal ese nivel de esixencia é moi pouco relevante, a teor dos datos que presentamos no seguinte cadro.

¿QUE LLE PARECE QUE SE LLE ESIXA COÑECEMENTO DO GALEGO Ó PERSOAL...?

	ben	indiferente	mal
da Xunta de Galicia	85,4%	11,6%	3,0%
do Concello	85,9%	10,9%	3,2%
da Administración do Estado?	81,0%	14,7%	4,3%

Só resta a dúbida de se, en realidade, estas respostas tan positivas de cara a esixir coñecementos de galego están directamente vinculadas co nivel de esixencia que existe na actualidade no acceso á función pública –nivel de esixencia que, a xuízo de moitos observadores e axentes sociais, é realmente moi baixo e que moi dificilmente garante a competencia oral e escrita dos traballadores públicos. De ser outro o nivel de esixencia, se cadra habería tamén outro tipo de respostas ante esta pregunta.


4.3 A lingua dos persoeiros e das actividades públicas

Na seguinte pregunta interrogábaselles aos cidadáns vigueses respecto da lingua que deben falar os políticos galegos. E como podemos comprobar no cadro seguinte, o sentir maioritario dos cidadáns de Vigo camiña na dirección de que deben utilizar, polo menos, o galego.

¿COMO DEBEN FALAR OS POLÍTICOS GALEGOS?

	porcentaxe
galego	54,3
indistinta- mente	42,0
castelán	2,9
NS/NC	,8

¿COMO DEBEN FALAR OS POLÍTICOS GALEGOS?



Poucas diferencias atopamos nesta cuestión cando a cruzamos coa idade dos entrevistados/as.

COMO DEBEN FALAR OS POLÍTICOS GALEGOS SEGUNDO A IDADE

	galego	indistintamente	castelán	Ns/Nc
15-20	50,7%	46,6%	2,0%	,7%
20-30	53,7%	44,6%	1,4%	,3%
30-40	55,8%	43,2%	1,1%	---
40-50	54,8%	41,9%	1,2%	2,1%
50-65	54,9%	40,2%	4,5%	,4%
>65	55,6%	34,7%	8,2%	1,5%
Media	54,4%	41,9%	2,9%	,8%

Unha pregunta concreta facía referencia á lingua que debían utilizar as entidades ou os representantes das actividades deportivas practicadas no ámbito do concello. Na mesma liña ca na resposta ante a pregunta anterior, os vigueses e viguesas opinan que se deben utilizar indistintamente as dúas linguas, ou só o galego, tanto se se trata das relacións con socios, das relacións cos medios de comunicación, ou nos usos lingüísticos con outros interlocutores.

¿COMO DEBEN EXPRESARSE AS ENTIDADES OU OS REPRESENTANTES DO DEPORTE VIGUÉS ...?

	galego	indistintamente	castelán	Ns/Nc
na relación cos socios/as	42,5%	51,5%	4,7%	1,3%
coa prensa, radio, televisión	39,8%	53,2%	5,7%	1,3%
con outros interlocutores	37,7%	55,5%	5,6%	1,2%

A seguinte cuestión facía referencia á variedade lingüística que se debe utilizar cando se organizan en Vigo acontecementos de ámbito estatal. Case dous tercios dos vigueses (o 62,1%) consideran que o galego debe ser a lingua dos acontecementos de ámbito supralocal, mentres que os que consideran que se debe utilizar o castelán como primeira lingua a penas pasan do 31%.

NOS ACONTECEMENTOS DE ÁMBITO ESTATAL QUE TEÑEN LUGAR EN VIGO, ORGANIZADOS POLO CONCELLO OU POLA XUNTA DE GALICIA, ¿DEBERÍAN UTILIZAR PRINCIPALMENTE O GALEGO OU O CASTELÁN?

	Porcentaxe
NS/NC	2,6
Galego como primeira lingua	62,1
Castelán como primeira lingua	31,3
indiferente	4,1

Poucas diferencias atopamos respecto desta cuestión cando consideramos a variable da idade, aínda que si parece darse unha preferencia maior pola utilización do castelán como primeira lingua nese tipo de acontecementos entre os vigueses de menos idade, en comparación coa opinión manifestada polos vigueses de maior idade. En calquera caso, a preferencia polo galego como primeira opción é maioritaria en todos os grupos de idade sen excepción.

NOS ACONTECEMENTOS DE ÁMBITO ESTATAL QUE TEÑEN LUGAR EN VIGO, ORGANIZADOS POLO CONCELLO OU POLA XUNTA DE GALICIA, ¿DEBERÍAN UTILIZAR PRINCIPALMENTE O GALEGO OU O CASTELÁN? (SEGUNDO A IDADE)

	NS/NC	Galego como primeira lingua	Castelán como primeira lingua	indiferente
15-20	1,4%	55,4%	39,9%	3,4%
20-30	2,4%	62,5%	32,8%	2,4%
30-40	2,5%	59,9%	32,3%	5,4%
40-50	5,0%	65,3%	26,0%	3,7%
50-65	1,6%	64,3%	28,7%	5,3%
>65	1,5%	63,6%	30,8%	4,1%
Media	2,5%	62,1%	31,3%	4,1%

Si que constatamos diferencias bastante relevantes en función da lingua habitual. Os individuos que máis utilizan o galego piden en maior medida a galeguización deste tipo de acontecementos estatais. En cambio, os castelán-falantes habituais prefiren a presenza do castelán como primeira lingua.

NOS ACONTECEMENTOS DE ÁMBITO ESTATAL QUE TEÑEN LUGAR EN VIGO, ORGANIZADOS POLO CONCELLO OU POLA XUNTA DE GALICIA, ¿DEBERÍAN UTILIZAR PRINCIPALMENTE O GALEGO OU O CASTELÁN? (SEGUNDO A LINGUA HABITUAL)

	Ns/Nc	Galego como primeira lingua	Castelán como primeira lingua	indiferente
só galego	3,1%	78,5%	11,8%	6,7%
máis galego ca castelán	,4%	79,8%	16,3%	3,4%
máis castelán ca galego	2,5%	69,0%	25,4%	3,1%
só castelán	3,4%	43,0%	50,2%	3,4%
Media	2,5%	62,1%	31,2%	4,1%

4.4 A presenza da lingua galega nos medios de comunicación

Outra das cuestións preguntadas no cuestionario centrábase na consideración lingüística que teñen para os vigueses e viguesas os medios de comunicación. A este respecto preguntábase qué lingua ou linguas deben estar presentes nos medios escritos e nos audiovisuais.

No caso da radio e da prensa escrita, a maioría dos vigueses opta porque estean presentes o galego e mais o castelán, mentres que no caso da televisión prefírese maioritariamente o galego. En calquera caso, non debemos pasar por alto que unha nada desprezable porcentaxe do 41,2% de vigueses considera que a prensa escrita diaria debería estar en galego, e que esa é tamén a opinión do 45% dos vigueses cando se trata da radio.

¿COMO CRE QUE DEBE SER A EXPRESIÓN DOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN EN GALICIA?

	galego	castelán	as dúas linguas	Ns/Nc
prensa escrita diaria	41,2	5,4	53,0	,3
radio	45,0	4,5	50,2	,2
televisión galega	63,2	3,3	33,3	,2

En relación co nivel de estudos, os individuos con maior nivel de estudos acadados tende a preferir en maior medida a utilización das dúas linguas na prensa escrita, mentres que os que teñen menor nivel de estudos prefiren en maior medida a presenza do galego.

PRENSA ESCRITA DIARIA EN GALICIA SEGUNDO NIVEL DE ESTUDIOS

	Ns/Nc	Galego	castelán	as dúas linguas
Sen estudos	---	60,9%	1,4%	37,7%
Elementais	,2%	44,8%	6,0%	49,0%
Medios	---	37,6%	6,3%	56,1%
Superiores	,9%	39,0%	3,9%	56,2%
Media	,3%	41,3%	5,4%	53,0%

Algo semellante ocorre coa opinións respecto das emisións radiofónicas. Aínda que todos os subgrupos segundo a idade opinan que as dúas linguas deben utilizarse por igual na radio, os que teñen menos estudos apostan en maior medida pola utilización exclusiva do galego.

A RADIO EN GALICIA SEGUNDO NIVEL DE ESTUDIOS

	Ns/Nc	Galego	castelán	as dúas linguas
Sen estudos	---	66,7%	1,4%	31,9%
Elementais	,2%	47,9%	4,8%	47,1%
Medios	---	41,6%	5,6%	52,8%
Superiores	,9%	42,9%	2,7%	53,5%
Media	,3%	45,0%	4,5%	50,2%

En cambio, cando o que se pregunta é pola lingua que se debe utilizar nas transmisións televisivas, a opinión maioritaria de todos os grupos segundo o nivel de estudos é a de preferir

a lingua galega. Pero tamén neste caso os que teñen menos estudos coidan en moita maior medida có resto que a lingua galega debe estar presente na televisión.

A TELEVISIÓN EN GALICIA SEGUNDO NIVEL DE ESTUDIOS

	Ns/Nc	Galego	castelán	as dúas linguas
Sen estudos	---	75,4%	1,4%	23,2%
Elementais	,2%	60,7%	4,0%	35,0%
Medios	---	61,5%	3,7%	34,8%
Superiores	,6%	67,0%	1,5%	30,9%
Media	,2%	63,2%	3,2%	33,3%

A continuación incluímos unha pregunta que se centraba en averiguar a opinión dos cidadáns respecto da lingua utilizada por diferentes persoas e en diversas actividades desenvolvidas polo mesmo concello vigués. E para iso concretáronse seis cuestións, que figuran recollidas no cadro seguinte. En catro delas prefírese maioritariamente a utilización de galego e castelán, en dúas prefírese a utilización exclusiva do galego e en ningún caso sae elixida a opción de uso exclusivo do castelán.

¿CAL CRE QUE DEBE SER A LINGUA UTILIZADA NO CONCELLO DE VIGO?

	Galego	castelán	as dúas linguas	Ns/nc
no trato dos funcionarios co público	39,0%	4,4%	56,1%	,4%
nos anuncios, documentos e publicacións do Concello	46,2%	4,1%	49,4%	,3%
nas actividades deportivas	47,0%	4,1%	48,4%	,4%
polo alcalde, cando fala en público	53,1%	3,9%	42,6%	,4%
polos concelleiros, cando falan en público	52,3%	4,2%	43,0%	,5%
polos policía municipais	38,6%	5,5%	55,5%	,4%

Concretamente, óptase polas dúas linguas cando se trata da relación dos traballadores do concello co público, no caso dos anuncios, documentos e publicacións municipais, nas actividades deportivas e no uso lingüístico dos policía municipais. En cambio, óptase maioritariamente polo galego cando se trata da lingua a empregar polos políticos locais: a lingua que debe utilizar o alcalde e os concelleiros, nos usos públicos.

4.5 O papel do Concello de Vigo na promoción da lingua galega

Cando preguntamos polo papel do concello vigués na promoción da lingua galega, o 43,2% opina que na actualidade o concello está máis a prol do galego ca en anteriores etapas, o 40,6% indica que fai igual ca antes, e o 5,9% opina que fai menos.

¿PENSA QUE NA ACTUALIDADE O CONCELLO DE VIGO ESTÁ MÁIS A PROL DO USO DO GALEGO CA EN ANOS ANTERIORES?

	porcentaxe
NS/NC	10,2
máis	43,2
igual	40,6
menos	5,9

4.6 Outras valoracións

Preguntamos tamén pola lingua en que os entrevistados se sentían máis a gusto. Case a metade contestou que se atopaban máis a gusto en castelán, mentres que o 32,5% se sente máis a gusto nas dúas linguas e o 21,3% en galego.

VOSTEDE SÉNTESE MÁIS A GUSTO CANDO FALA EN...

	porcentaxe
NS/NC	,2
galego	21,3
castelán	45,9
indistintamente	32,5

As respostas a esta pregunta atópanse en relación directa coa lingua habitual de cada individuo, xa que sentirse a gusto cunha lingua se vincula emocional e instrumentalmente coa variedade lingüística que cada individuo utiliza regularmente.

E así o podemos comprobar cando cruzamos os resultados desta pregunta coa variable da lingua habitual. Os monolingües en galego atópanse maioritariamente máis a gusto co galego, e os monolingües en castelán están máis a gusto co castelán. No caso dos bilingües habituais, teñen unha maior preferencia por sentirse a gusto pola lingua de predominancia ou polas dúas indistintamente.

LINGUA NA QUE SE SENTE MÁIS A GUSTO SEGUNDO LINGUA FALADA HABITUALMENTE

	Ns/Nc	galego	castelán	indistintamente
só galego		75,9%	8,7%	15,4%
máis galego ca castelán		48,7%	8,6%	42,7%
máis castelán ca galego	,2%	5,4%	46,3%	48,1%
só castelán	,4%	2,0%	79,2%	18,4%
Media	,2%	21,3%	45,9%	32,5%

E ante a pregunta de se se fala máis galego en contextos de confianza, atopamos nas respostas unha porcentaxe do 56,2% que opina que non, e unha porcentaxe do 42,2% que opina que si. E tamén aquí a lingua habitual de cada individuo vai determinar poderosamente esta resposta.

¿FALA MÁIS GALEGO CANDO ESTÁ EN CONFIANZA?

	porcentaxe
NS/NC	1,4
SI	42,4
NON	56,2

Que os falantes de máis idade mostren unha maior adhesión ó galego cando están en confianza indica ben ás claras que estes, con maiores porcentaxes de utilización do galego, utilizan esa lingua en variados tipos de contextos; en cambio, que os de menos idade mostren porcentaxes altas de respostas negativas indica que, tendo en conta o menor nivel de uso do galego nestes grupos de idade, o galego utilízase menos en todo tipo de situacións, incluídas as de confianza.

FALA MÁIS GALEGO CANDO ESTÁ EN CONFIANZA SEGUNDO A IDADE

	Ns/Nc	SI	NON
15-20	,7%	30,4%	68,9%
20-30	,7%	32,3%	67,0%
30-40	1,4%	42,1%	56,5%
40-50	2,1%	46,3%	51,7%
50-65	1,2%	51,0%	47,7%
>65	1,5%	51,8%	46,7%
Media	1,4%	42,4%	56,2%

E, efectivamente, comprobamos que estas observacións anteriores camiñan nesa liña cando utilizamos a variable da lingua habitual: a maior utilización do galego, maior presenza do galego en situacións de confianza; e viceversa.

FALA MÁIS GALEGO CANDO ESTÁ EN CONFIANZA SEGUNDO LINGUA QUE FALA HABITUALMENTE

	Ns/Nc	SI	NON
só galego	1,0%	54,6%	44,4%
máis galego ca castelán	2,2%	65,5%	32,3%
máis castelán ca galego	,7%	47,1%	52,3%
só castelán	1,4%	21,6%	77,0%
Media	1,3%	42,5%	56,2%

4.7 O Servizo de Normalización Lingüística

A maioría dos vigueses descoñecen a existencia do servizo municipal encargado da xestión da normalización da lingua galega. Só o coñecen o 15,7% dos cidadáns. Non parece, en todo caso, que sexa un servizo que teña que ser amplamente coñecido polo público xeral, tendo en conta que hai outros servizos e dependencias municipais que, por mor da relevancia social e/ou política das súas actividades, acadan unha notable presenza pública e mediática.

¿COÑECE O SERVICIO DE NORMALIZACIÓN DO CONCELLO DE VIGO?

	porcentaxe
SI	15,7
NON	84,3

En consonancia co anterior, é moi escaso o nivel de coñecemento das actividades realizadas polo SNL municipal, tal como observamos no cadro a continuación.

¿LEMBRA ALGUNHA DAS CAMPAÑAS REALIZADAS POLO SNL DO CONCELLO DE VIGO? (ALGÚN FOLLETO DE PROMOCIÓN DO GALEGO, CARTEL, LIBRO, CURSO, CONFERENCIA, XOGOS, MERCADOS)

Actividade	% dos entrevistados
ningunha	77,9
xuventude. ¿xogas? en galego podemos	9,0
infancia. ¿xogas? en galego podemos	8,3
mercamos e vendemos en galego	6,1
xuventude.ciberlingua	5,7
xuventude.obradoiros de lingua e sociedade	3,5
músicas faladas	3,4
linguas faladas (ano 2002, universidade)	2,2
obradoiro da auga	1,8
xuventude . intercambio porto-vigo	1,7
léxico do urbanismo	1,2
eido da publicidade, charlas, concurso	1,0
microtoponimia de galicia	,9
lingua viva	,8
falamos	,5
modelos para as asociacións	,4

Case o 78% dos cidadáns non coñece ningunha actividade desenvolvida polo SNL. A actividade que máis nivel de coñecemento acadou foi a campaña Xuventude: ¿Xogas? En galego podemos, coñecida para o 9% dos cidadáns.

5. CONCLUSIÓNS

Presentamos a continuación as conclusións principais que podemos salientar dos diferentes aspectos contidos nesta investigación, destacando e resumindo aqueles resultados da análise efectuada nos apartados anteriores que parecen ter un maior interese.

a) LINGUA INICIAL E COMPETENCIA EN LINGUA GALEGA

En primeiro lugar, analizouse a presenza do galego e do castelán na transmisión primaria mediante unha pregunta específica relativa á primeira lingua aprendida. En segundo lugar, formulouse unha cuestión para achegarnos ao perfil competencial das e dos cidadáns vigueses nas destrezas activas e pasivas.

Con respecto á lingua inicial, o 46,5% dos vigueses aprendeu a falar en castelán, en tanto que o 30,7% manifesta que aprendeu a falar nas dúas linguas, e o 21,8% sinala que aprendeu a falar en galego.

A transmisión da lingua gaega descende conforme baixan os grupos de idade nun proceso que parece estar chegando á súa fin: nas xeracións viguesas máis novas (entre 15 e 20 anos), a presenza do galego como variedade inicial xa é practicamente unha anécdota.

No que se refire ao grao de dificultade percibido polas persoas entrevistadas para entenderen, falaren, leren e escribiren en galego, mentres que o entendemento non supón ningún problema para a práctica totalidade dos cidadáns, a fala en galego presenta algunha dificultade para o 21,6% dos vigueses, e moita para o 5,6%, en tanto que na lectura e na escritura os problemas aumentan: así, o 7,2% dos vigueses manifesta ter moitas dificultades para ler en galego, e o 13,6% manifesta ter moitas dificultades para escribir en galego. Estas porcentaxes son inferiores ás detectadas catro anos antes.

Unha variable que nos permitiu avaliar con máis propiedade a situación da aptitude lingüística en galego é a porcentaxe de vigueses e viguesas que realizou algún tipo de estudos de lingua galega. O 47,1% dos entrevistados manifestou non ter realizado nunca tal tipo de aprendizaxe formal, dez puntos por debaixo do observado no ano 1998, en tanto o 9,7% estudiou galego na educación primaria, e o 37,8% dos vigueses asistiu a aulas de lingua galega na educación secundaria (6,2% e 33,2% no 1998). Probablemente estamos a medir o efecto positivo do proceso de introducción do galego no ensino. Constatamos, paralelamente, que o 18,4% dos vigueses realizou algún dos cursos de galego para adultos organizados pola Xunta de Galicia –cursos de iniciación, perfeccionamento e especialización– fronte ó 9,3% no 1998.

b) Lingua habitual e frecuencia de uso da lingua galega

Neste apartado consideramos por separado dous aspectos relacionados directamente cos usos lingüísticos: a lingua habitual dos individuos e a frecuencia coa que empregan a lingua galega en xeral e con interlocutores específicos. Para a primeira das cuestións contemplamos catro posibles respostas: SÓ GALEGO, SÓ CASTELÁN, MÁIS GALEGO CA CASTELÁN, e MÁIS CASTELÁN CA GALEGO. Con esta escala recolleemos tanto as situacións de monolingüismo coma os casos de bilingüismo con predominio dunha ou doutra variedade. Para a segunda das cuestións analizadas neste apartado –a frecuencia de uso da lingua galega–, empregamos nas respostas unha escala de tres puntos: SEMPRE, ÁS VECES, e NUNCA.

Con respecto á lingua habitual, o 14% dos cidadáns vigueses usa só a lingua galega, o 16,6% usa máis galego ca castelán, o 31,7% utiliza máis castelán ca galego, e o 35,7% usa só o castelán. Temos, grosso modo, que un tercio dos vigueses son monolingües en castelán, outro tercio son bilingües con predominio do castelán, e o tercio restante componse de monolingües en galego e de bilingües con predominio do galego. Visto desde outra perspectiva, a metade dos vigueses manifesta ser bilingüe –con predominio dunha ou doutra lingua–, mentres que a outra metade sinala ser monolingüe en galego ou en castelán.

Esta conducta lingüística nas persoas entrevistadas difire da lingua habitual dos seus pais e avós, entre os cales aumenta –ou aumentaba– a presenza do galego en tanto diminuíu o peso porcentual do castelán. Por poñermos só un exemplo dabondo relevante: nos avós a suma das opcións SÓ GALEGO e MÁIS GALEGO CA CASTELÁN chega a 63,4%, o dobre ca na poboación actual, mentres que a suma das opcións SÓ CASTELÁN e MÁIS CASTELÁN CA GALEGO é o 31,6%.

Con respecto á evolución temporal da lingua habitual durante a vida das e dos entrevistados, resulta salientable a relativa estabilidade da elección realizada. Así, o 79,9% manifestou que non cambiaran de lingua habitual ó longo da vida, o 11,9% di que pasou de usar máis castelán a utilizar máis galego, e o 6,9% restante sinala que pasou por un proceso inverso ó anterior, é dicir, de máis galego a máis castelán.

Tocante á frecuencia coa que emprega a lingua galega en xeral, o 20,7% (19,3% en 1998) dos vigueses contesta que emprega sempre o galego, o 47,7% (55,7% en 1998) responde que usa a lingua galega ás veces, e o 30,8% (23,7% en 1998) sinala que non o usa nunca. Se pasamos a considerar a frecuencia de uso da lingua galega con cinco interlocutores concretos –pais, fillos, parella, compañeiros de traballo, e amigos e veciños–, comprobaremos que o emprego do galego é similar en todos eles.

c) USOS LINGÜÍSTICOS ESPECÍFICOS

Co fin de afondar nos usos sociais de galego e castelán, optamos por dedicarlles un espazo específico ás preferencias lingüísticas dos cidadáns en diferentes situacións comunicativas.

En primeiro lugar, preguntamos pola lingua empregada en seis situacións de interacción que compendian un amplo abano dos intercambios sociolingüísticos diarios: cando lle preguntan algo na rúa, cando chaman por teléfono, cando van mercar nunha tenda, cando se dirixen ao concello para realizar algún trámite ou xestión ante a administración municipal, cando realizan algún trámite na administración de facenda de Vigo, e cando interaccían cun superior no ámbito laboral. A porcentaxe de vigueses que usan só o castelán é inferior ó 50% en tódalas situacións anteditas.

En segundo lugar, preguntamos polo uso específico de galego e castelán ante cinco interaccións concretas: con xente de Galicia, con individuos de fóra de Galicia, con xente de fóra que levan tempo residindo en Galicia, e, finalmente, dúas preguntas para concretar e avaliar as tácticas converxentes ou diverxentes nos intercambios cotiáns: en qué lingua contesta se lle falan en galego, e en cál se lle falan en castelán.

En interaccións con individuos de Galicia, o 42,9% manifesta que usa o galego e o 50,8% indica que usa o castelán. Nas interaccións con individuos de fóra de Galicia e de fóra que levan tempo residindo aquí, a resposta predominante foi a do uso do castelán –86,5% no primeiro caso, o 69,8% no segundo. Con interlocutores percibidos como foráneos conséntase o seguimento dunha norma de cortesía lingüística que reserva, case en exclusiva, o uso do castelán ante descoñecidos con aparencia foránea ou ante persoas que sabemos que son foráneas, levan máis ou menos tempo entre nós.

Finalmente, tanto se lle falan galego coma se lle falan castelán, os vigueses contestan maioritariamente que segue a lingua do seu interlocutor –concretamente, o 75,5% contesta en galego ante unha interlocución nesa lingua, e o 86,2% contesta en castelán ante unha cuestión nesa variedade lingüística. Parece desprenderse que se segue unha norma lingüística de acomodación cara á variedade empregada polo interlocutor, aínda que esa constancia sexa porcentualmente algo superior no caso do castelán ca no caso do galego.

d) ACTITUDES E OPINIÓNS LINGÜÍSTICAS

Incluimos na enquisa un conxunto amplo e variado de preguntas vinculadas coas opinións e actitudes da cidadanía vigueses ante as linguas en contacto, ante a pertinencia da lingua galega en determinados ámbitos e situacións de uso, e ante as actividades de extensión e de promoción da lingua galega desde a administración local viguesa, entre outros aspectos considerados.

Nas investigacións que se levan facendo sobre a situación sociolingüística actual da lingua galega, as opinións, actitudes e posicionamentos dos individuos tenden a ser, en xeral, positivos para a lingua galega e para os seus falantes. Os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia son, nese sentido, totalmente reveladores (cf. volume III do MSG). Unha diverxencia clara entre o proceso de desgaleguización social e a presentación de actitudes xerais positivas cara á lingua galega pode estar motivada pola relativa autonomía de ambos parámetros e/ou polo tipo de respostas que se suscitan nunha enquisa ante preguntas de natureza actitudinal. Tamén cremos que pode estar a confirmar o feito de que a oficialización e lexitimación social que o galego acadou desde 1980 está tendo resultados positivos na valoración social que a lingua recibe, pero tales valoracións aínda non propiciaron cambios significativos en termos de transmisión primaria e/ou de lingua habitual e usos lingüísticos.

O primeiro aspecto analizado foi a opinión dos vigueses sobre o nivel de coñecemento xeral da lingua galega, e a este respecto o 51,8% opina que hai un nivel de coñecemento medio da lingua galega, en tanto o 13,3% (18,7% en 1998) sinala que o coñecemento é alto. Consonte con esta opinión, o 67,5% considera que é bastante ou moi importante mellorar o seu coñecemento de galego, mentres que o 30,9% (37,2% en 1998) valora como pouco ou nada interesante tal mellora na súa competencia lingüística na lingua galega.

A continuación formulamos dúas preguntas relativas á avaliación que os cidadáns e cidadás realizan sobre o grao de uso da lingua galega en Vigo e en Galicia, e o resultado supón que o 75,1% (70,4% en 1998) dos e das entrevistadas opina que o nivel de uso do galego é insuficiente na cidade de Vigo, mentres que o 49,1% dos vigueses opina que o nivel é insuficiente en Galicia. Parece claro que os vigueses notan, con certa facilidade, que na súa cidade se emprega con menor frecuencia o galego do que acontece noutras partes de Galicia. O 80,2% dos vigueses opina que son necesarias actividades de fomento do uso da lingua.

Dúas preguntas foron introducidas para avaliar os vencellos afectivos e expresivos aos que remite o emprego da lingua galega: por un lado, analizouse cál é a lingua na que un se sente máis a gusto, e, por outro, se se emprega máis o galego cando o falante está en confianza. Tocante á primeira cuestión, o 45,9% (41,1% en 1998) dos vigueses atópase máis a gusto falando en castelán, e o 21,3% (23,1% en 1998) séntese máis a gusto falando galego. En canto á segunda cuestión, o 42,4% dos entrevistados manifesta que fala máis galego cando se atopa en confianza, e o 56,2% non o fai (48,1% e 50,5% no ano 1998).

Para completarmos as preguntas sobre o estatus da lingua, formulamos unha pregunta directa sobre o grao de utilidade percibido no galego e no castelán, así como a pertinencia da presenza da lingua galega en diferentes ámbitos sociais concretos: os xulgados, medios de comunicación, actos relixiosos, acontecementos deportivos, festas e romarías, conferencias e charlas, e universidade. Tocante ao grao de utilidade das dúas linguas, o 65,1% manifesta que o galego é tan útil coma o castelán, o 26,1% indica que o galego é menos útil có castelán, finalmente, o 8,3% sinala que o galego é máis útil có castelán.

En canto á pertinencia do galego en ámbitos concretos da vida social, e ante as tres posibles respostas –BEN, INDIFERENTE e MAL–, unha ampla maioría dos vigueses, en case todos os casos máis do 70%, opina que lle parece ben o uso do galego nesas actividades, sendo máis favorable a inserción do galego nas festas e romarías, nas conferencias e charlas, e nos medios de comunicación.

Con respecto ás opinións sobre cál debe ser o ensino na escola, o 83,6% dos entrevistados decántase polo ensino simultáneo de galego e de castelán na escola, mentres que as opcións de ensino só en galego e só en castelán recibiron un apoio do 9,0% e 6,3% respectivamente.

Outro aspecto que consideramos foi a opinión dos vigueses sobre a existencia de coñecemento da lingua galega para poder optar ao desempeño de determinados postos de traballo na administración local, na autonómica e na administración do Estado. A maioría dos vigueses considera que o galego debe coñecerse para poder traballar nas tres administracións; así, tendo en conta unha escala de respostas de BEN, INDIFERENTE e MAL, ó 85,4% (77,3% en 1998) dos entrevistados parécelle ben que se esixa o galego para traballar na Xunta, ó 85,9% (77,4 % en 1998) parécelle ben esa existencia lingüística para traballar no concello, e ó 81,0% (67,4% en 1998) tamén lle parece ben para o traballo na administración do Estado. Pódese ver que os vigueses perciben cada vez máis a necesidade do coñecemento e uso do galego na Administración (mesmo na Administración do Estado en Galicia).

Con respecto ó papel do Concello de Vigo na promoción da lingua galega, os vigueses consideran que este goberno municipal fai igual ou máis labor de promoción da lingua cós anteriores. Así, o 40,6% opina que se fai o mesmo cós gobernos municipais anteriores, o 43,2% indica que se fai máis agora ca antes (era só o 38,2% en 1998), e o 5,9% sinala que agora se fai menos.

Preguntados sobre a lingua que deben empregar publicamente distintos persoeiros públicos, a preferencia que parecen manifestar as e os vigueses oríéntase cara ao uso só do galego por parte dos políticos galegos nas súas intervencións públicas (así o indica o 54,3% dos entrevistados), mentres que o 42,0% considera que poden usar indistintamente as dúas e só o 2,9% di que en castelán. Con respecto á lingua que deben utilizar os representantes dos estamentos deportivos, a opinión maioritaria é a de que empreguen indistintamente as dúas linguas cos socios, nos medios de comunicación, e con todo tipo de interlocutores.

No relativo á lingua que se debería empregar nos acontecementos de ámbito estatal realizados en Vigo, o 62,1% opina que o galego debería ser a lingua principal, e o 31,3% manifesta que debería ser o castelán a variedade principal.

Con respecto ás opinións sobre as linguas que deben empregar os medios de comunicación, centramos a pregunta en tres medios concretos: a prensa escrita, a radio galega e a televisión de Galicia. Tocante á prensa escrita, a opinión maioritaria é a de que debe estar escrita nas dúas linguas; así o manifesta o 53% dos entrevistados, mentres que o 41,2% opina que a prensa escrita debe estar integramente en galego, e o 5,4% en castelán. Con respecto á radio galega, a opinión dos vigueses é similar, e no que se refire á Televisión de Galicia e maior –63,2%– a porcentaxe dos que pensan que debe estar totalmente en galego (era do 71,1% en 1998).

Se pasamos, finalmente, a considerar as opinións sobre a lingua que debe ser empregada por persoas do contorno do Concello de Vigo e nas súas actividades, case a metade dos vigueses considera que na atención dos traballadores municipais ó público, nos anuncios e calquera outro tipo de documentación escrita, na lingua empregada polo Concello nas actividades deportivas e na lingua da Policía municipal débense incorporar tanto o galego coma o castelán, mentres a outra metade pensa que debe utilizarse só o galego. Un pouco máis da metade dos cidadáns vigueses manifestan que o alcalde nas súas intervencións públicas e mais as concelleiras e concelleiros municipais deben facer uso só do galego.

e) REMATE

A situación sociolingüística que se observa tralos datos aquí analizados mostra a evolución dun proceso social de substitución lingüística que acada no momento actual unha intensidade moi elevada. Os datos sobre lingua inicial, sobre lingua habitual ou sobre a frecuencia de uso da lingua galega avalan esa interpretación.

Outros indicadores son un reflexo directa ou indirectamente vinculado cos cambios sociolingüísticos experimentados pola sociedade galega contemporánea. Nesa liña interpretativa cómpre ter en conta a escaseza de dificultades para o desenvolvemento das destrezas lingüísticas orais e escritas en galego, os usos lingüísticos bilingües (sobre todo en determinados tipos de interaccións sociais), e as boas actitudes e opinións existentes entre a cidadanía sobre a presenza social, a promoción lingüística e o status percibidos na lingua galega e nos seus falantes.

En consecuencia, a situación sociolingüística que queda recollida neste estudo constitúe un punto de partida con elementos moi perigosos para a saúde social da lingua e con elementos moi positivos e esperanzadores de cara á súa revitalización efectiva. Se a esa situación de partida, cos seus paradoxos e contradicións, lle engadimos un clima social e institucional neutral –cando non favorable– cara á promoción do galego, e se somos capaces de artellar unha acción sociolingüística e dinamizadora desde os poderes públicos e desde a sociedade civil, os resultados nun futuro non moi afastado poden ser moi positivos para a saúde social do galego.

6. COMPARACIÓN DOS RESULTADOS 1998-2002

Para rematar presentamos nesta sección unha comparación entre os resultados deste estudo en 2002 e os datos recompilados da investigación realizada en 1998. Tendo en conta que o cuestionario e mais a mostra foron similares, podemos realizar unha comparación temporal e observar as diferencias significativas que se producen.

Con esa finalidade comparativa centrarémonos nesta sección nos aspectos sociolingüísticos que suxiren unhas maiores diferencias cuantitativas entre os resultados de ámbolos anos e que poden supoñer a existencia de conductas lingüísticas ou opinións sobre a lingua galega diverxentes froito dunha determinada evolución sociolingüística no ámbito do concello vigués.

Con respecto á lingua inicial, apreciamos un aumento dos vigueses que teñen o galego como lingua inicial (pasamos do 18,9 ó 21,8%) ou que aprenderon as dúas linguas (do 32,2 ó 46,5). E, en consecuencia, decrece a porcentaxe de individuos co castelán como primeira variedade aprendida (do 48,3% en 1998 ata o 30,7% en 2002), tal como podemos apreciar no seguinte cadro comparativo.

LINGUA EN QUE APRENDEU A FALAR (PORCENTAXE)

	2002	1998
galego	21.8	18.4
galego e castelán	46.5	32.2
castelán	30.7	48.3
NS/NC	0.9	1.1

Malia este dato global aparentemente interesante para o galego, se comparamos os resultados da lingua inicial nos dous grupos de idade máis novos en ambos estudos decatámonos de que o proceso de desgaleguización primaria, lonxe de se deter, segue avanzando a bo ritmo.

LINGUA EN QUE APRENDEU A FALAR (PORCENTAXE) NO GRUPO DE IDADE DE 15-20 ANOS

	2002	1998
galego	4,7%	10.3
galego e castelán	35,8%	36.6
castelán	58,1%	52.4
NS/NC	1,4%	0.7

Nas tres destrezas analizadas –fala, lectura e escritura–, aumenta a porcentaxe de individuos que manifestan non ter ningún tipo de dificultade para realizaren esas actividades en lingua galega e, correlativamente, decrece a opción *MOITA DIFICULTADE*. O caso máis rechamante é o da competencia escrita, no cal atopabamos en 1998 un 22,1% de individuos que indicaban ter moitas dificultades para escribir en galego. En cambio, en 2002 a porcentaxe baixa ata o 13,6

GRAO DE DIFICULTADE PARA FALAR, LER E ESCRIBIR EN GALEGO

		ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
Falar	2002	72.7%	21.6%	5.6%
	1998	73,0%	20,7%	5,9%
Ler	2002	70.4%	22.3%	7.2%
	1998	66,0%	21,7%	11,2%
Escribir	2002	57.0%	29.2%	13.6%
	1998	51,4%	24,8%	22,1%

Con respecto á realización de estudos en lingua galega, en 2002 temos máis individuos con estudos de galego no ensino primario e secundario, e decrece en case dez puntos a porcentaxe de individuos sen realizaren ningún tipo de estudos en galego. Aínda así, resulta significativo comprobar que un de cada dous cidadáns de Vigo non desenvolveron aínda ningún tipo de estudio da lingua galega nesta altura de 2002.

REALIZACIÓN DE ESTUDIOS DE LINGUA GALEGA (PORCENTAXE)


	2002	1998
non	47,1	57,5
no ensino primario	9,7	6,2
no ensino secundario	37,8	33,2
outros	4,9	
NS/NC	0,5	3,2

No tocante á lingua habitual, os cambios que podemos constatar neste período temporal de catro anos son escasos, pero paga a pena deternos un chisco neles. Tales cambios parecen seguir unha lóxica de compensación: así, por un lado, aumenta en tres puntos a porcentaxe de falantes que se declaran monolingües en galego (do 11,8% en 1998 a 14% en 2002), pero decrece nunha proporción semellante a de falantes bilingües con predominio do galego (do 18% ó 16,6%); e, polo outro, descende a porcentaxe de bilingües con predominio do castelán (do 37,7% ó 31,7%) pero aumenta a de monolingües en castelán (do 32,5% a 35,7%).

LINGUA HABITUAL (PORCENTAXE)

	2002	1998
só galego	14,0	11,8
máis galego ca castelán	16,6	18,0
máis castelán ca galego	31,7	37,7
só castelán	35,7	32,5
NS/NC	2,0	0,0

LINGUA HABITUAL




E tendo agora en conta as respostas da pregunta específica de cál é a frecuencia con que os vigueses utilizan a lingua galega, observamos que aumenta moi pouco a porcentaxe dos que din usala sempre, decrece en oito puntos ós que a usan ás veces, e aumenta en sete puntos os que manifestan non usala nunca. Resulta preocupante que case un tercio da poboación viguesa manifeste que nunca utiliza o galego, e que esa porcentaxe vaia aparentemente en aumento.

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA
(PORCENTAXE)

	2002	1998
sempre	20,7	19,3
ás veces	47,7	55,7
nunca	30,8	23,7
NS/NC	,9	1,3

FRECUENCIA DE USO DA LINGUA GALEGA



Nos seguintes cadros comparativos incluímos preguntas sobre distintos aspectos das actitudes ante a presenza social da lingua galega na sociedade actual. En practicamente tódolos casos, a evolución dos índices cuantitativos desde o estudo de 1998 ata o actual pon de relevo unha maior sensibilidade cidadá sobre a lingua galega e sobre a súa difícil situación social nestes tempos.

Por exemplo, ante a pregunta de se considera ou non importante mellorar o coñecemento na lingua, observamos que aumenta a percepción de que acadar tal mellora aptitudinal é moi importante.

¿PENSA QUE É IMPORTANTE MELLORAR O SEU COÑECEMENTO DO GALEGO?

(PORCENTAXE)


	2002	1998
NS/NC	1,5	1,1
Moi importante	28,8	23,0
Bastante importante	38,7	38,7
Pouco importante	23,9	25,4
Nada importante	7,0	11,8

Tamén observamos que neste estudo de 2002 hai unha porcentaxe máis alta en comparación cos datos de 1998 no sentido de que se percibe que o grao de uso do galego na cidade de Vigo é insuficiente, tal como podemos comprobar no cadro seguinte.

¿CAL CRE QUE É O GRAO DE USO DA LINGUA GALEGA?

		insuficiente	adecuado	excesivo
En Galicia	2002	49,1%	48,5%	2,4%
	1998	49,3%	45,1%	3,8%
En Vigo	2002	75,1%	23,4%	1,5%
	1998	70,4%	26,8%	1,8%

¿CAL CRE QUE É O GRAO DE USO DA LINGUA GALEGA EN VIGO?



En cambio, e en aparente contradicción co que acabamos de observar e comentar, diminúe a porcentaxe de cidadáns vigueses que considera necesarias actividades para fomentar o uso do galego. Aínda así, malia esa diminución comparativa, segue habendo un 80% de cidadáns que consideran que si son necesarios tales tipos de actividades.

¿CRE QUE SON NECESARIAS ACTIVIDADES PARA FOMENTAR O USO DA LINGUA GALEGA?

(PORCENTAXE)

	2002	1998
Ns/Nc	2,5	2,6
SI	80,2	84,6
NON	17,2	12,8

Nos seguintes cadros, cos que pechamos esta sección, o rango de variación no período comprendido entre 1998 e 2002 é moi escaso, de maneira que non parece que a percepción dos vigueses cambiase significativamente cando se trata da opinar sobre a utilidade das dúas linguas, sobre cál debe ser a lingua de ensino na escola, sobre cómo deben falar os políticos ou sobre o posicionamento do concello a prol ou non da lingua galega.

¿CONSIDERA QUE O GALEGO É TAN ÚTIL COMA O CASTELÁN?

(PORCENTAXE)

	2002	1998
NS/NC	0,5	1,2
O galego é máis útil có castelán	8,3	6,0
O galego é tan útil coma o castelán	65,1	68,1
O galego é menos útil có castelán	26,1	24,7

¿COMO CRE QUE DEBE SER O ENSINO NA ESCOLA?

(PORCENTAXE)

	2002	1998
NS/NC	1,1	0,3
só en galego	9,0	6,8
en galego e en castelán	83,6	88,5
só en castelán	6,3	4,4

¿COMO DEBEN FALAR OS POLÍTICOS GALEGOS?

(PORCENTAXE)

	2002	1998
NS/NC	0,8	0,4
galego	54,3	55,3
indistintamente	42,0	41,5
castelán	2,9	2,8


¿PENSA QUE NA ACTUALIDADE O CONCELLO DE VIGO ESTÁ MÁIS A PROL DO USO DO GALEGO CA EN ANOS ANTERIORES?

(PORCENTAXE)

	2002	1998
Ns/Nc	10,2	11,3
máis	43,2	40,5
igual	40,6	38,2
menos	5,9	10,0

Respecto desta última cuestión, si debemos salientar que hai na actualidade unha maior percepción de que o Concello de Vigo está a prol do uso do galego, xa que medra a porcentaxe de cidadáns que en 2002 opinan que se está máis a favor, aínda que a variación respecto de 1998 non é moi relevante.

¿PENSA QUE NA ACTUALIDADE O CONCELLO DE VIGO ESTÁ MÁIS A PROL DO USO DO GALEGO CA EN ANOS ANTERIORES?



ANEXO II. CUESTIONARIO

Zona:

1. Centro 2. Berbés/Barrio Histórico 3. Calvario/Lavadores
 4. Travesas/Coia 5. Teis 6. Bouzas/Alcabre
 7. Saiáns, Coruxo 8. Resto (Valadares, Zamáns,..)

1.- Sexo:

1. Home 2. Muller

2.- Idade:

1. 15-20 2. 20-30 3. 30-40
 4. 40-50 5. 50-65 6. >65

3.-Profesión:

- | | | |
|---|---|----|
| 1. traballador/a non cualificado/a <input type="checkbox"/> | 2. traballador/a especializado/a <input type="checkbox"/> | |
| 3. agricultor/mariñeiro <input type="checkbox"/> | 4. administrativo/a ou funcionario/a <input type="checkbox"/> | |
| 5. profesional liberal/téc. tit. <input type="checkbox"/> | 6. comerciante ou empresario/a <input type="checkbox"/> | |
| 7. estudante <input type="checkbox"/> | 8. ama de casa <input type="checkbox"/> | 9. |
| xubilado/a ou en paro <input type="checkbox"/> | 10. outra <input type="checkbox"/> | |

4.-Lugar de nacemento:

1. Vigo
 2. Outro municipio de Galicia _____
 3. Fóra de Galicia

5.- No caso de nacer fóra de Vigo, ¿Cantos anos leva residindo en Vigo?: _____

6.- Nivel de estudos:

1. Sen estudos
 2. Elementais
 3. Medios
 4. Superiores

7.- ¿En que lingua aprendeu vostede a falar?

1. galego
 2. castelán
 3. ámbas as dúas

8.- ¿En que lingua falan/falaban os seus pais e avós?

	só galego	máis galego ca castelán	máis castelán ca galego	só castelán
pai	1	2	3	4
nai	1	2	3	4
avós	1	2	3	4

9.- ¿Que lingua fala vostede habitualmente?

1. Só galego 2. máis galego ca castelán 3. máis castelán ca galego 4. Só castelán

10.- ¿Sempre falou habitualmente a mesma lingua?

1. Si

Non, cambiou : 2. de máis castelán a máis galego 3. de máis galego a máis castelán

11.- ¿Que grao de dificultade ten para?

	ningunha dificultade	algunha dificultade	moita dificultade
entender o galego	1	2	3
falar en galego	1	2	3
ler en galego	1	2	3
escribir en galego	1	2	3

12.1.- ¿Realizou algunha vez estudos de lingua galega?

1. non

si: 2. no ensino primario ou EXB

3. no ensino secundario (ESO/BUP/COU/FP)

4. Outros: _____

12.2 Cursos da Xunta de Galicia:

1. iniciación 2. perfeccionamento 3. especialización

13.- ¿Con que frecuencia utiliza o galego?

	sempre	ás veces	nunca
en xeral	1	2	3
cos seus pais	1	2	3
cos seus fillos	1	2	3
coa súa parella	1	2	3
cos compañeiros de traballo	1	2	3
cos seus amigos e veciños	1	2	3

14.- ¿Que lingua emprega nas seguintes situacións?

	só galego	máis galego ca castelán	máis castelán a galego	só castelán
cando quere preguntar algo na rúa	1	2	3	4
cando fala por teléfono	1	2	3	4
cando vai mercar algo á tenda	1	2	3	4
cando se dirixe ó Concello	1	2	3	4
cando se dirixe á Administración de Facenda en Vigo	1	2	3	4
cando fala cun superior no seu traballo	1	2	3	4

15.- ¿En que lingua lles fala ás seguintes persoas?

	galego	castelán
á xente de Galicia	1	2
á xente de fóra de Galicia	1	2
á xente de fóra que leva tempo aquí	1	2

16.- Se se dirixen a vostede en galego, vostede fala:

1. galego 2. castelán

17.- Se se dirixen a vostede en castelán, vostede fala:

1. galego 2. castelán

18.- ¿Pensa que en xeral o nivel de coñecemento do galego é?

1. Alto 2. Medio 3. Baixo

19.- ¿Pensa que é importante mellorar o seu coñecemento do galego?

1. Moi importante 2. Bastante importante
3. Pouco importante 4. Nada importante

20.- ¿Cal cre que é o grao de uso da lingua galega ?

	insuficiente	adecuado	excesivo
en Galicia	1	2	3
en Vigo	1	2	3

21.- ¿Cre que son necesarias actividades para fomentar o uso da lingua galega?

1. si
2. non

22.- Vostede séntese máis a gusto cando fala en

1. galego
2. castelán
3. indistintamente

23.- ¿Fala máis galego cando está en confianza?

1. si
2. non

24.- Considera que os que falan galego teñen as mesmas posibilidades de ascender no seu traballo cós que falan castelán?

1. Teñen máis posibilidades se falan galego
2. Teñen as mesmas posibilidades
3. Teñen menos posibilidades se falan galego

25.- ¿Considera que hai traballos e actividades para os que é necesario saber galego?

1. si
2. non

26.- Considera que o galego é tan útil coma o castelán?

1. O galego é máis útil có castelán
2. O galego é tan útil coma o castelán
3. O galego é menos útil có castelán

27.- ¿Que lle parece que se fale galego nas seguintes actividades?

	Ben	indiferente	mal
nos xulgados	1	2	3
nos actos relixiosos	1	2	3
nos medios de comunicación	1	2	3
nos acontecementos deportivos	1	2	3
nas festas e romarias populares	1	2	3
nas conferencias ou charlas	1	2	3
na Universidade	1	2	3

28.- ¿Como cre que debe ser o ensino na escola?

1. só en galego
2. en galego e en castelán
3. só en castelán

29.- ¿Que lle parece que se lles esixa coñecemento do galego?

	ben	indiferente	mal
ao persoal da Xunta de Galicia	1	2	3
ao persoal do Concello	1	2	3
ao persoal da Administración do Estado (Facenda, Seguridade Social, etc)	1	2	3

30.- ¿Pensa que na actualidade o Concello de Vigo está máis a prol do uso do galego ca en anos anteriores?

1. máis
2. igual
3. menos

31.- ¿Como deben falar os políticos galegos?

1. Galego
2. indistintamente
3. castelán

32.- ¿Como deben expresarse as entidades ou os representantes do deporte vigués (o presidente do Celta, por exemplo)?

	galego	indistintamente	castelán
na relación cos socios/as	1	2	3
coa prensa, radio, televisión	1	2	3
con outros interlocutores	1	2	3

33.- ¿Nos acontecementos de ámbito estatal que teñen lugar en Vigo, organizados polo Concello ou pola Xunta de Galicia, deberían utilizar principalmente o galego ou o castelán?

1. Galego como primeira lingua
2. Castelán como primeira lingua

34.- ¿Como cre que debe ser a expresión dos medios de comunicación en Galicia?

	galego	castelán	as dúas linguas
prensa escrita diaria	1	2	3
radio	1	2	3
televisión galega	1	2	3

35.- ¿Cal cre que debe ser a lingua utilizada no Concello de Vigo?

	galego	castelán	as dúas linguas
no trato dos funcionarios có público	1	2	3
nos anuncios, documentos e publicacións do Concello	1	2	3
nas actividades deportivas	1	2	3
o Alcalde, cando fala en público	1	2	3
os concelleiros, cando falan en público	1	2	3
os policía municipais	1	2	3

36.- ¿coñece o Servicio de Normalización do Concello de Vigo?

1. si
2. non

37.- ¿Lembra algunha das campañas realizadas polo SNL do Concello de Vigo?

(algún folleto de promoción do galego, cartel, libro, curso, conferencia, xogos, mercados)

Indíquese o número das actividades ou campañas que lembra o enquisado

1. NINGUNHA
2. INFANCIA. ¿XOGAS? En galego podemos (xogos, contacontos, obradoiros)
3. XUVENTUDE. ¿XOGAS? En galego podemos
4. XUVENTUDE .CIBERLINGUA Achegarse á internet a través do galego
5. XUVENTUDE .OBRADOIROS DE LINGUA E SOCIEDADE MÁIS ALÁ (obradoiro sobre sociolingüística)
6. XUVENTUDE . INTERCAMBIO PORTO-VIGO: coñecer e compartir unha cultura común
7. EIDO DA PUBLICIDADE. En galego, charlas, concurso á mellor actuación publicitaria en galego
8. OBRADOIRO DA AUGA (Cursos, basicamente da lingua falada, danse nas AAVV)
9. MERCAMOS E VENDEMOS EN GALEGO. dípticos 4 modelos (carnes, peixes, legumes, lácteos...) con léxico, consellos (de aquí visita ao mercado do Progreso); lista da compra; libro de receitas (ache gaba a xente a súa receita). COUSAS DO MERCADO. Concurso de debuxo para os máis cativos (nadal); concurso banda deseñada e relato curto (ata 15 anos) semana Santa; concurso de relato curto (Letras Galegas)
10. MÚSICAS FALADAS. terceiro-cuarto trimestre2001. (Caixanova) pórilles “voz” ás linguas minorizadas
11. LINGUAS FALADAS (ano 2002) Universidade
12. MICROTAPONIMIA DE GALICIA (Recollida, corrección, base de datos, cartografía PUBLICACIÓNS
13. lingua Viva, dende o ano 1995
14. Falamos, dende o ano 2000
15. Léxico do Urbanismo (ano 98, 2000)
16. Modelos para as Asociacións (ano 2001)